# REGULAMENTO XERAL DA FEDERACIÓN GALEGA DE BALONCESTO

# INDICE

## REGULAMENTO XERAL DA F.G.B. Páx


**TÍTULO PRIMEIRO - ESTATUTOS PERSONAIS**

**CAPÍTULO PRIMEIRO - CLUBES**

SECCIÓN PRIMEIRA
Afiliación. 13
SECCIÓN SEGUNDA
Denominación 13
SECCIÓN TERCEIRA
Categoría dos Clubes 13
SECCIÓN CUARTA
Dereitos e obligacións 14
SECCIÓN QUINTA
Cambio de residencia 17
SECCIÓN SEXTA
Fusións 17
SECCIÓN SÉTIMA
Baixas 18
SECCIÓN OITAVA
Clubes Vinculacións 18

**CAPÍTULO SEGUNDO - XOGADORES**

SECCIÓN PRIMEIRA
Definición e requisitos 20
SECCIÓN SEGUNDA
Categorías. 20
SECCIÓN TERCEIRA
Licenzas 20
SECCIÓN CUARTA
Baixas e cambios 21
SECCIÓN QUINTA
Dereitos e obrigas 22

**CAPÍTULO TERCEIRO - ADESTRADORES**

SECCIÓN PRIMEIRA
Adestradores 24
SECCIÓN SEGUNDA
Categorías. 24
SECCIÓN TERCEIRA
Licenzas 25
SECCIÓN CUARTA
Dereitos e obrigas 25

**CAPÍTULO CUARTO – ÁRBITROS**
SECCIÓN PRIMEIRA
Definición e condición de Arbitro 27
SECCIÓN SEGUNDA
Categorías 27
SECCIÓN TERCEIRA
Licenzas 27
SECCIÓN CUARTA
Dereitos e obrigas 28
**CAPÍTULO QUINTO – DELEGADOS E ACOMPAÑANTES**
SECCIÓN PRIMEIRA
Delegado de equipo 30
SECCIÓN SEGUNDA
Delegado de Campo 30
SECCIÓN TERCEIRA
Delegado Federativo 31
SECCIÓN CUARTA
Comisario de Mesa 31
**TÍTULO SEGUNDO – COMPETICIÓNS**
**CAPÍTULO PRIMEIRO – NORMAS XERAIS**
SECCIÓN PRIMEIRA
Temporada oficial 35
SECCIÓN SEGUNDA
Competicións oficiais 35
SECCIÓN TERCEIRA
Desempates 37
SECCIÓN CUARTA
Encontros 38
**CAPÍTULO SEGUNDO – PARTICIPACION EN COMPETICIÓNS**
SECCIÓN PRIMEIRA
Principios xerais 40
SECCIÓN SEGUNDA
Equipos: Afiliacións, dilixenciamento e licenzas 42
SECCIÓN TERCEIRA
Equipo arbitral 43
SECCIÓN CUARTA
Liquidación de Gastos Zonais de Arbitraxe por Clube 45

**CAPÍTULO TERCEIRO – TERREOS DE XOGO, DATAS, HORARIOS E UNIFORMES DE XOGO**
SECCIÓN PRIMEIRA
Terreos de xogo 46
SECCIÓN SEGUNDA
Datas e horarios de encontros 47
SECCIÓN TERCEIRA
Cambios de datas ou terreos de xogo 48
SECCIÓN CUARTA
Cor dos uniformes de xogo 49
**CAPÍTULO CUARTO**
Suspensión e interrupción de encontros 50
**CAPÍTULO QUINTO**
Balón de Xogo 52
**CAPÍTULO SEXTO**
Comités Xurisdicionais de Fases Finais Galegas 53
**TÍTULO TERCEIRO – ORGANOS ADMINISTRATIVOS E TÉCNICOS DA FEDERACIÓN**
**CAPÍTULO PRIMEIRO – ORGANOS ADMINISTRATIVOS**
SECCIÓN PRIMEIRA
A Xerencia 57
SECCIÓN SEGUNDA
Secretaria Xeral 57
SECCIÓN TERCEIRA
Tesourería 58
**CAPÍTULO SEGUNDO – ORGANOS TÉCNICOS**
SECCIÓN PRIMEIRA
Normas Xerais 60
SECCIÓN SEGUNDA
Comité Galego de Árbitros 60
SECCIÓN TERCEIRA
Comité de Actividades 61
SECCIÓN CUARTA
Escola Galega de Adestradores 61
**TÍTULO CUARTO – PROCEDEMENTOS PARA ASEMBLEAS**
**CAPÍTULO PRIMERO**
Procedemento ordinario 65
**CAPÍTULO SEGUNDO – PROCEDEMENTOS ESPECIAIS**
SECCIÓN PRIMEIRA
Procedementos Elecctorais 67
SECCIÓN SEGUNDA
Procedemento da Moción de Censura 67

SECCIÓN TERCEIRA
Procedemento para a reforma de Estautos 67
SECCIÓN CUARTA
Procedemento para a Extinción e Disolución da Federación 67
**TITULO QUINTO - REGULAMENTO DISCIPLINARIO**
**CAPÍTULO PRIMEIRO**
Disposicións Xerais 71
**CAPÍTULO SEGUNDO - DAS INFRACCIÓNS ÁS REGRAS DE XOGO**
**SECCIÓN PRIMEIRA - NORMAS XERAIS**
SUBSECCIÓN PRIMEIRA
Das Infraccións Cometidas por Xogadores, Adestradores, Delegados e Directivos e das sanciones 77
SUBSECCIÓN SEGUNDA
As faltas cometidas polos Compoñentes do equipo arbitral 79
SUBSECCIÓN TERCERA
As faltas cometidas polos clubes 80
**CAPÍTULO TERCEIRO**
Das infraccións ás Normas Xerais Deportivas 85
**CAPÍTULO CUARTO - DO PROCEDEMENTO**
**SECCIÓN PRIMEIRA**
Disposicións xerais 87
**SECCIÓN SEGUNDA - DO PROCEDEMENTO**
SUBSECCIÓN PRIMEIRA
Normas Comúns 88
SUBSECCIÓN SEGUNDA
Procedemento Ordinario 88
SUBSECCIÓN TERCEIRA
Procedemento Extraordinario 90
**SECCIÓN TERCEIRA**
Dos Recursos 92

# TITULO PRELIMINAR

## TITULO PRELIMINAR

Art. 1.- O Regulamento Xeral da Federación Galega de Baloncesto é a norma básica de desenvolvemento dos Estatutos da mesma. No mesmo se regula o estatuto das persoas e entidades das persoas sometidas á Xurisdición da Federación, as normas xerais polas que se rexen as competicións que ela organiza,

a súa estrutura orgánica, o seu réxime electoral, o procedemento nas súas asembleas e o seu réxime disciplinario.

Art. 2.- O Regulamento é norma de obrigado cumprimento para todas aquelas persoas que actúen dentro do ámbito de competencia da Federación Galega de Baloncesto.

Art. 3.- As Presentes normas son comúns para tódalas competicións organizadas

pola F.G.B., sen prexuízo do establecido nos Estatutos, disposicións da comunidade Autónoma e normas específicas de cada competición no seu ámbito competencial.

# TITULO PRIMEIRO

## ESTATUTOS PERSOAIS

# CAPITULO PRIMEIRO

## CLUBS

### Sección Primeira.- Afiliación.

**Art. 4.-** Considéranse clubs deportivos de baloncesto as asociacións privadas que teñan por obxecto a promoción e a práctica desta modalidade deportiva, así como a participación en actividades e competicións deportivas, e estean inscritos na Federación Galega de Baloncesto.

**Art. 5.-** Para se afiliar á Federación Galega de Baloncesto o Club deberá solicitalo por escrito acompañando copia dos seus Estatutos. Tamén deberán afiliar se á Federación Galega de Baloncesto as Asociacións de Clubs que se poidan crear e sempre como trámite previo para a asunción de competencias delegadas pola F.G.B. Os acordos tomados polas Asociacións en uso de dita delegación deberán ser notificadas á F.G.B. dentro do prazo dos 10 días posteriores á data da súa adopción.

### Sección Segunda.- Denominación

**Art. 6.-** A denominación dun Club non poderá ser igual á doutro xa existente dentro da mesma poboación, nin tan semellante que poida inducir a confusión ou erro.

**Art. 7.-** Os cambios de denominación dun Club deberán se notificar á Federación Galega de Baloncesto, acompañando a certificación acreditativa de se adoptar o acordo en forma estatutaria. Non se poderá usa-la nova denominación sen se practicar dita notificación.

**Art. 8.-** O nome dos equipos do Club poderá levar unido o dun ou varios produtos ou marcas comerciais, para cuxo recoñecemento oficial deberase notificar á Federación Galega de Baloncesto.

**Art. 9.-** En caso de ter un Club varios equipos, poderá diferencialos entre si, ben sexa denominando a cada un co nome do Club, seguido dalgún elemento diferenciador, ou ben adxudicándolles nomes distintos. Nun ou outro caso, a fin de evitar equívocos, ó finaliza-la inscrición de cada equipo nas súas respectivas competicións, haberá de figurar primeiro o nome do Club e a continuación, o que distinga ó equipo.

**Art. 10.-** Cando o Club pertenza a unha asociación ou entidade non exclusivamente deportiva con sé, sucursais ou delegacións en distintas poboacións, poderá adopta-lo nome da entidade seguido do da poboación que corresponda.

### Sección Terceira.- Categoría dos Clubs.

Art. 11.- Os Clubs serán clasificados en función daquel dos seus equipos que participe na competición de rango superior.

**Sección Cuarta.- Dereitos e Obrigas.**

**Art. 12.-** Os dereitos dos Clubs son os seguintes:

A) Intervir como electores e elixibles nas eleccións a representante, polo seu estamento, da Asemblea Xeral e Comisión Delegada, así como do Presidente da Federación Galega de Baloncesto e, cando así proceda, do Presidente da Federación Española de Baloncesto.

B) Participar cos seus equipos nas competicións oficiais que lles correspondan

pola súa categoría, nos termos e observando os requisitos determinados regulamentariamente así como os que estableza a F.G.B.

C) Concertar e participar en encontros amigables con outros Clubs federados ou estranxeiros, en datas compatibles coas sinaladas para as competicións oficiais, coa previa autorización, segundo o caso, da Federación Galega de Baloncesto, Federación Española de Baloncesto e incluso, se fóra preciso, do Ministerio de Asuntos Exteriores.

D) Asistir e intervir nas reunións dos órganos federativos que lles correspondan con arranxo ás normas vixentes.

E) Optar as axudas económicas que estableza a Federación Galega de Baloncesto para os Clubs, na medida e ocasión que determinen as correspondentes normas.

F) Asociarse para o cumprimento dos seus fins.

G) Fusionarse, ou cede-los dereitos dun dos seus equipos, cos requisitos establecidos neste Regulamento.

H) Tódolos demais que a Federación Galega de Baloncesto estableza en cada caso.

**Art. 13.-** As obrigas dos Clubs son as seguintes:

A) Participar cos seus equipos nas Competicións Oficiais que lle correspondan pola súa categoría, nos termos e observando os requisitos determinados regulamentariamente, así como os que estableza a FGB, debendo sinala-lo seu terreo oficial de xogo dentro da Comunidade Autónoma Galega.

B) Cumpri-los Estatutos, Regulamentos e demais normas da Federación Galega de Baloncesto e Federación Española de Baloncesto, así como os seus propios Estatutos.

C) Poñer a disposición da Federación Galega de Baloncesto e da Federación Española de Baloncesto os seus campos de xogo cando sexan precisos a ditos Organismos.

D) Contribuír ó sostemento económico da Federación Galega de Baloncesto, na medida que lles corresponda, abonando as correspondentes cotas, dereitos e compensacións económicas que se determinen, así como as sancións que lles sexan impostas polos órganos correspondentes.

E) Abona-los dereitos de arbitraxe que, segundo as normas federativas, correspóndenlles, así como liquidar dentro de cada temporada as débedas

xeradas coas Federacións (Galega e Española), cos seus xogadores ou técnicos e con outros Clubs no transcurso da competición.

F) Mante-la disciplina deportiva evitando situacións de violencia ou animosidade con outros membros ou estamentos do baloncesto.

G) Cumprimentar, atender e contestar coa maior dilixencia as comunicacións que reciban dos organismos federativos e auxiliar destes, facilitándolles cantos datos soliciten. Ademais deberán facilitar xustificación sobre partidas económicas, sempre que se trate da aplicación sobre subvencións que compiten á F.G.B.

H) Facilita-la asistencia dos seus xogadores e técnicos ás Seleccións Autonómicas e Zonais e ás actividades federativas de perfeccionamento técnico.

I) Coidar da máis perfecta formación deportiva dos seus xogadores, facilitando os medios precisos para elo e garantindo a súa efectiva e plena actividade deportiva.

J) Dispor para os seus encontros oficiais dun terreo de xogo que cumpra os requisitos regulamentarios.

K) Contar cun adestrador con título oficial para cada un dos equipos que teñan nos seus diferentes categorías, nos termos establecidos regulamentariamente.

L) Recoñecer a tódolos efectos as tarxetas de identidade expedidas pola Federación Galega de Baloncesto e Federación Española de Baloncesto.

M) Facilita-la entrada de balde no recinto deportivo ós membros do equipo contrario provistos de licenza federativa así como ós representantes federativos debidamente provistos da súa credencial.

N) Cumpri-las obrigas establecidas no artigo 52 en canto lles afecte.

O) Comunicar á Federación as modificacións estatutarias, o nomeamento e cese de directivos ou administradores e os acordos de fusión, escisión ou disolución.

P) Presenta-la documentación e demais requisitos que sexan necesarios para formaliza-la inscrición de cada equipo, segundo o establecido nas Normas Específicas para as Competicións da F.G.B.

Q) Cubrir mediante un seguro obrigatorio, os riscos derivados da práctica do baloncesto ós xogadores e adestradores.

Sen prexuízo das accións que se poidan exercer ante a xurisdición competente, o Club que incumprise as súas obrigas respecto dos seus Xogadores ou Adestradores, dando lugar á desvinculación destes con aquel mediante o oportuno expediente ante os Órganos Xurisdicionais Federativos, non poderá cubrir tales baixas durante o resto da temporada de que se trate, agás no suposto de que entre o club e o xogador ou adestrador mediase relación laboral de carácter especial.

**Art. 14.-** Tódolos clubs cumprimentaran anualmente a ficha Autonómica do Club, recollendo nela a súa actividade na temporada.

Os clubs de nova creación formalizarán a primeira Ficha Autonómica do Club ó inscribir ós seus equipos. A formalización desta ficha será requisito indispensable para exerce-los dereitos que corresponden ó Club.

**Art. 15.-** Dentro do prazo que determinen as bases de cada competición, tódolos clubs veñen obrigados a inscribi-los seus equipos cumprimentando o folla de inscrición correspondente a cada un.

**Art. 16.-** O Club propietario ou non do terreo, por mediación do seu Delegado de Campo, terá disposto coa suficiente antelación ó encontro:

A) O terreo de xogo en debidas condicións, marcado regulamentariamente e as canastras, aros e redes debidamente colocados, cunha antelación mínima de 20 minutos á hora marcada para o comezo do encontro, a fin de que o equipo visitante poida, se o desexa, adestrarse.

B) Unha mesa e cadeiras para os oficiais dos árbitros, así como cadeiras ou bancos para os equipos.

C) O equipo técnico necesario, marcador, crono e 24 segundos, para a boa marcha do encontro.

D) Os medios de separación indispensables entre o terreo de xogo e o público, de acordo coas Regras Oficiais de Xogo e coas medidas de seguridade establecidas pola Federación Galega de Baloncesto para o equipo arbitral e visitante.

E) Os vestiarios, independentes, para os árbitros e os dous equipos, coas debidas medidas de hixiene e seguridade.

**Art. 17.-** O Club local é responsable do bo orde antes, durante e despois do encontro, tanto dos xogadores como do público en xeral. Para elo debe solicitar, coa necesaria antelación, a presenza da Forza Pública. En caso de non facelo, calquera incidente que se produza incluso nos exteriores e anexos ó recinto do terreo de xogo, será imputable ó Club.

Nas competicións de ámbito zonal a Delegación correspondente poderá substituír esta medida de seguridade por outra que lle mereza plena garantía, ben con carácter xeral ou soamente para determinados encontros. En caso de non cumpri-lo determinado neste artigo, o Club recibirá a sanción que os Comités determinen en función da súa gravidade.

O Club propietario con auxilio da Forza Pública poderá expulsar do recinto de xogo aquelas persoas que signifiquen como responsables de disturbios durante o transcurso do encontro, podendo incluso emprende-las accións xudiciais oportunas fronte a estes polos prexuízos que os mesmos poidan irrogar co seu comportamento.

Igualmente dito Club poderá establece-las medidas de control que estime oportunas, a fin de impedir que os espectadores accedan ó campo provistos de obxectos que poidan entrañar perigos físicos para participantes ou público.

**Art. 18.-** Para acreditar que foi solicitada a Forza Pública, o Delegado de Campo presentará ó Arbitro Principal un duplicado da solicitude correspondente, co selo de entrada no organismo que proceda. Será

obrigatoria a súa presentación unicamente en competicións de ámbito sénior autonómico.

**Sección Quinta.- Cambio de Residencia.**

**Art. 19.-** Cando un Club efectúe un cambio de residencia que implique un cambio de Delegación só poderá inicia-la súa actividade pola categoría inferior que exista na Delegación de nova residencia, salvo o exposto no apartado seguinte. Para cambiar de residencia sen perda de categoría o Club, previo acordo de forma estatutaria solicitarao da Federación Galega de Baloncesto, antes do comezo da temporada, expoñendo as razóns que lle movan a elo, quen á vista dos documentos adoptará a determinación que proceda.

**Sección Sexta.- Fusións.**

**Art. 20.-** Os Clubs, poderán se fusionar cando o estimen conveniente para o cumprimento dos seus fins sociais. Os acordos de fusión deberán se adoptar segundo o procedemento, e co réxime de maiorías que establezan os respectivos Estatutos, debendo ser publicadas nun xornal da localidade, ou no seu defecto da Provincia.

Asimesmo, ditos acordos e os Estatutos da Entidade resultante da fusión, serán remitidos a esta Federación Galega de Baloncesto.

Os acordos de fusión, de constitución dun novo club como consecuencia dunha escisión, deberán ser notificados á Federación Galega de Baloncesto dentro do prazo de inscrición establecido nas respectivas competicións. Transcorrido dito prazo sen que se reciba a notificación, os Clubs perderán os dereitos que adquirisen no ámbito federativo, como consecuencia dos referidos acordos.

**Art. 21.-** Ademais do previsto no artigo precedente, o club resultante da fusión, deberá cumpri-los restantes requisitos que se esixen ós clubs de nova creación e subrogarase en tódolos dereitos e obrigas que no ámbito da actividade federativa ostentaban os clubs orixinarios.

A tal efecto, o Club resultante da fusión poderá mante-los seus equipos nas categorías ás que tiñan dereito os equipos dos clubs fusionados, salvo coincidencia de máis dun equipo nalgunha das categorías en que elo estea permitido e respectando o disposto no artigo 117 deste Regulamento.

**Art. 22.-** Cando un Club teña varias seccións deportivas e adopte o acordo de escindi-la Sección de Baloncesto, poderá se constituír un novo club que se subrogará nos dereitos e obrigas que no orde federativo ostentaba o club do que se escindiu, e manterá a súa participación o a competición que tiña dereito o club orixinario.

O club que se constitúa como consecuencia da escisión deberá remitir á F.G.B., o acordo de escisión e copia do acta de constitución e estatutos.

Asimesmo o acordo de escisión deberá ser publicado nun xornal da localidade, ou no seu defecto, da provincia. Idéntico procedemento que o previsto nos parágrafos anteriores poderá se utilizar cando un club que practique a

modalidade de baloncesto en categorías masculinas e femininas, acorde escindir unha destas categorías.

**Art. 23.-** A sección de Baloncesto dun club polideportivo da que aquela se independice, antes de se inscribir como club de Baloncesto, poderá se fusionar con outro existente ou cun club polideportivo, xa tivese este ou non sección de Baloncesto. Neste caso seguirase o disposto no artigo anterior.

**Art. 24.-** Cando dous clubs polideportivos cuxo deporte principal non sexa o Baloncesto fusiónense de acordo coas normas que rexan na Federación Galega de Baloncesto na que inscribiran os seus Estatutos, as seccións de Baloncesto correspondentes, se non se independizan, fusionaranse igualmente, en canto elo non contraveña o disposto neste Regulamento, a cuxo fin poñerano en coñecemento da Federación Galega de Baloncesto.

**Art. 25.-** Os clubs poderán enaxenar ou ceder en beneficio doutro club os dereitos de participar en competicións oficiais de ámbito Autonómico. Ditos acordos deberán ser comunicados á F.G.B. para que outorgue a oportuna autorización, previo pago do canon correspondente, reflectido nas Bases de Competición da F.G.B.

Asimesmo o club resultante estará obrigado a facer efectivas as débedas que por razóns deportivas tivera o club orixinario segundo resulte dos arquivos da F.G.B., á data de presentación da notificación dos acordos.

**Art. 26.-** Os clubs que se fusionasen, ou o Club polideportivo que independice a sección de Baloncesto, non poderán se afiliar novamente á Federación Galega de Baloncesto como clubs independentes e de nova creación ata transcorrida unha temporada.

**Sección Sétima.- Baixas.**

**Art. 27.-** Os clubs, previo acordo adoptado en forma estatutaria, poderán se dar de baixa na Federación Galega de Baloncesto. Asimesmo, os órganos xurisdicionais da Federación Galega de Baloncesto, de oficio, poderá acorda-la baixa dun Club previa incoación do oportuno expediente disciplinario, regulado nos artigos 54 e seguintes do Regulamento Disciplinario, por falta de pago de licenzas, finalizada a temporada e tras ser requirido para elo, nun prazo de quince días, na seguinte temporada terá que se inscribir, se o desexa, na última categoría que exista na súa delegación zonal.

**Sección Oitava.- Vinculacións.**

**Art. 28.-** Exclusivamente para Competicións organizadas da Federación Galega, permítese a vinculación dun equipo concreto dun Club con outro Club distinto, de forma que calquera xogador do equipo vinculado poida se aliñar no equipo de categoría contigua superior do Club vinculante, coas mesmas condicións de como o faría se o equipo fose do seu Club, sempre e cando o club vinculado non teña ningún equipo inscrito a liga na que vai xoga-lo xogador co equipo vinculante. Para que un xogador poida se inscribir no acta

do encontro deberá presenta-la ficha do seu Club e o documento de vinculación.

Ningún equipo poderá estar vinculado con máis dun Club.

Esta vinculación formalizarase no Documento de Vinculación, antes do 31 de Decembro de cada temporada, e suporá unha Cota de Vinculación fixada nas Bases de Competición que deberá abona-lo Club vinculante á F.G.B.

# CAPITULO SEGUNDO

## XOGADORES

### Sección Primeira.- Definición e Requisitos.

**Art. 29.-** É xogador/a a persoa natural que practica o Baloncesto e subscribira a correspondente licenza federativa para elo. Coa sinatura da mencionada licenza, e contrato se o houbera, establecido ó efecto, queda vinculado ó seu Club e suxeito a disciplina da Federación Galega de Baloncesto.

**Art. 30.-**Para que un xogador poida subscribir licenza deberá reuni-los requisitos seguintes:

A. Ser Español, ou posuí-la nacionalidade dalgún dos estados membros da Unión Europea ou do Espazo Económico Europeo ou, no caso de xogadores non comunitarios, se esixirá o que estea residindo legalmente en España, segundo a lexislación española vixente nese momento, o cal deberá de demostrar con documentación orixinal.

B. Non ter compromiso vixente con outro club ou Federación.

**Art. 31.-** A vinculación entre xogador e Club finalizará por vencemento do prazo establecido, por mutuo acordo ou por decisión do órgano federativo ou xudicial competente, nos casos e formas que estableza a normativa vixente.

### Sección Segunda.- Categorías.

**Art. 32.-**Os xogadores serán clasificados en función dos seguintes criterios:

a) O seu sexo.

b) A súa idade.

c) A categoría da competición en que participe.

Excepcionalmente nas categorías de Infantil, Minibasket e Preminibasket os xogadores poderán non ser clasificados en función do seu sexo, situación que deberá se reflectir expresamente nas Bases de cada Competición.

Os anos de nacemento serán modificados anualmente pola Comisión Delegada da F.G.B. co fin de adecualos ás Categorías oficiais das Competicións.

**Art. 33.-**A Federación Galega de Baloncesto autorizará a concesión de licenza de categoría superior á correspondente pola súa idade, previa solicitude do xogador, acompañada do certificado médico de aptitude, e autorización de quen teña a patria potestade sobre o xogador.

**Art. 34.-** O xogador con licenza de categoría superior á da súa idade non poderá aliñarse en toda a temporada na categoría da súa idade, se ben poderá formar parte de seleccións ou combinados. Na temporada seguinte poderá voltar á súa categoría se aínda está dentro dela pola súa idade.

### Sección Terceira.- Licenzas.

**Art. 35.-** O xogador deberá dispor da licenza oficial correspondente, debidamente dilixenciada pola Federación Galega de Baloncesto.

**Art. 36.-** A sinatura da licenza ten carácter de declaración formal do xogador respecto dos datos que nela figuran, responsabilizándose da súa veracidade e da concorrencia dos requisitos esixidos por este Regulamento.

**Art. 37.-** As licenzas dos xogadores terán validez para unha temporada.

**Art. 38.-** Ó finaliza-lo período de vixencia da licenza, todo xogador quedará en absoluta liberdade para subscribir licenza con calquera Club.

**Art. 39.-** O xogador menor de idade, que cambie de localidade de residencia por motivos familiares ou de traballo paterno, debidamente acreditados ante a Federación Galega de Baloncesto, terá dereito a subscribir licenza por un equipo da nova residencia familiar, sempre e cando estea dentro dos prazos establecidos nas Bases de Competición.

**Art. 40.-** A Federación esixirá ó xogador que xustifique a súa idade mediante o seu Documento Nacional de Identidade. Este documento só poderá ser substituído polo orixinal do pasaporte individual. No caso de xogadores non comunitarios, esixiráselle o pasaporte do seu país ou ben o N.I.E.

**Art. 41.-** Ningún xogador poderá subscribir licenza máis que por un só equipo do mesmo Club.

Cando un xogador sexa provisto de licenza por máis dun equipo do mesmo club, pero de distinta categoría, considerarase válida a expedida en primeiro lugar cronoloxicamente, e se elo non se puidese determinar, considerarase válida a do equipo de máxima categoría, sendo anuladas automaticamente as demais dende a data de validez daquela, polo que se considerará aliñación indebida a súa participación en encontros de categorías inferiores.

**Sección Cuarta.- Baixas e Cambios.**

**Art. 42.-** A vinculación entre xogador e club poderá ser dada por finalizada por decisión do Comité de Competición competente, mediante expediente promovido a petición de calquera das dúas partes e baseado en incumprimento de obrigas pola outra parte, e, en xeral, no disposto no presente Regulamento.

**Art. 43.-** Se a resolución do expediente a que se refire o precedente artigo, estimase a presentación do xogador, outorgaráselle a correspondente carta de liberdade.

En caso de que a resolución fose favorable ó club, autorizarase a este a cubri-la súa vacante con outro xogador, sen afectar ó coubo máximo que lle corresponde.

**Art. 44.-** No curso da temporada, un xogador que sexa aliñado e xogue, non poderá cambiar de equipo salvo o disposto no artigo anterior ou que se cumpran as condicións seguintes:

A) Que, no caso de que o equipo sexa de club distinto, conte coa correspondente Carta de Desvinculación outorgada polo Club.

B) Que o novo equipo participe nunha competición distinta á que participaba o equipo de procedencia.

**Art. 45.-** No curso dunha temporada autorizarase a un xogador o cambio de equipo calquera que sexa a súa categoría, ata o 31 de Decembro, cos condicionantes reflectidos no artigo anterior. A partir desta data só se autorizará ó xogador que non se aliñe, ou facéndoo non xogue dentro da temporada, en ningún encontro oficial co seu equipo de procedencia. En ambos casos, debe obter previamente a Carta de Desvinculación.

**Sección Quinta.- Dereitos e Obrigas.**

**Art. 46.-** O xogador ten os seguintes dereitos:

A) Liberdade para subscribir licenza, respectando os compromisos adquiridos.

B) Intervir como electores e elixibles nas eleccións a representante, polo seu Estamento, da Asemblea Xeral e Comisión Delegada, así como do Presidente á Federación Galega de Baloncesto e da Federación Española de Baloncesto, cando así proceda.

C) Asistir e participar en cantas probas, cursos, fases de preparación, seleccións ou outro tipo de concentración, sexa convocado pola Federación Galega de Baloncesto ou as súas Delegacións Zonais.

D) Ser recoñecido médicamente polo seu Club, de acordo coas directrices determinadas pola Federación Galega de Baloncesto, e por esta unicamente cando se trate de selección ou concentracións organizadas pola mesma.

E) Ser adestrado por adestrador titulado.

F) Consideración á súa actividade deportiva.

G) Recibi-lo material deportivo para a práctica do Baloncesto.

H) Recibir atención sanitaria de balde e adecuada en caso de lesión deportiva, ben por atención directa do Club ou a través dos concertos voluntarios ou obrigatorios que o mesmo teña coa Mutualidade Xeral Deportiva ou outra entidade pública ou privada, que outorgue como mínimo as mesmas prestacións.

I) Participar nas sesións de adestramento e nos encontros do seu equipo, salvo decisión disciplinaria.

J) Ó cumprimento das estipulacións pactadas cos clubs.

**Art. 47.-** O xogador ten as seguintes obrigas:

A) Someterse a disciplina do seu Club que se axuste ó disposto no ordenamento xurídico, e participar nos adestramentos e encontros do seu equipo.

B) Non intervir en actividades deportivas con equipo distinto do seu sen autorización do Club.

C) Utilizar, coidar e, cando sexa requirido para elo, devolve-lo material deportivo que o Club entregáralle a tal fin. Se un xogador negásese a devolve-lo material ou devolvéseo mal coidado, o Club poderallo reclamar

facéndollo constar á F.G.B., a cal poderá incluso non tramitar ou deixar en suspenso a ficha dese xogador ata resolver esta situación.

D) Asistir ás convocatorias das Seleccións Deportivas galegas ou da súa Delegación Zonal para a participación en competicións de carácter nacional ou internacional, ou para a preparación e as mesmas, así como ós planes de tecnificación que convoque a F.G.B.

E) Sen prexuízo das accións que poidan se exercer ante a xurisdición competente, o incumprimento das obrigas por parte dun Xogador respecto do seu club, que de lugar á desvinculación dalgún destes con aquel, mediante o oportuno expediente ante os Órganos Xurisdicionais Federativos, determinará a imposibilidade de dito xogador par actuar noutro club durante o resto da temporada de que se trate.

# CAPITULO TERCEIRO

## ADESTRADORES

### Sección Primeira.- Adestradores.

**Art. 48.-** Son adestradores as persoas naturais con título recoñecido pola Federación Galega de Baloncesto ou Federación Española de Baloncesto, dedicadas á ensinanza, preparación e dirección técnica do Baloncesto, tanto a nivel de clubs como da propia Federación.

**Art. 49.-** A sinatura da licenza polo adestrador implica a súa vinculación ó club e o seu sometemento a disciplina da Federación.

**Art. 50.-** Para que un adestrador poida subscribir licenza por un club, ademais de te-lo título correspondente, deberá estar en posesión da licenza anual expedida pola Federación Galega de Baloncesto.

**Art. 51.-** A titulación oficial dos adestradores outorgarase pola Federación Española de Baloncesto, que en calquera caso recoñece, a titulación expedida polos Centros legalmente recoñecidos, de conformidade co disposto no Artigo 55-4 da Lei 10/1990 de 15 de outubro, do Deporte. Ós efectos da obtención e expedición de títulos oficiais adaptarase ó previsto nos Reais Decretos 1913/1997, de 19 de decembro e 234/2005 de 4 de marzo, así como na Orde ECD/3310/2002 de 16 de decembro.

### Sección Segunda.- Categorías.

**Art. 52.-** Respectando as competencias nacionais, as titulacións que serán necesarias para actuar ó fronte dun equipo son as seguintes:

-Diploma de adestrador de iniciación: Minibasket e infantil.
Excepcionalmente, para as tempadas 2008/09 e 2009/10, a Federación Galega de Baloncesto, autorizará tamén a categoría cadete hasta competicións autonómicas. Se un equipo se clasificase para intersectores, campionatos de España ou similares que dependan da F.E.B., esta excepcionalidade quedará sen efecto, sendo necesaria a titulación esixida pola F.E.B.

-Diploma de Adestrador de Nivel I ou certificado de primeiro nivel dos estudos conducentes ao título de técnico deportivo en baloncesto: Minibasket, Infantil, Cadete e Seleccións Autonómicas en Campionatos de España en categoría Infantil e minibasket, e en competicións de carácter zonal.
Excepcionalmente para as tempadas 2008/09 e 2009/10m a Federación galega de Baloncesto autorizará tamén a categoría júnior hasta competicións autonómicas. Si un equipo se clasificase para intersectores, campionatos de España ou similares que dependan da F.E.B., esta excepcionalidade quedará sen efecto, sendo necesaria a titulación esixida pola F.E.B.

- Diploma de adestrador de Nivel II ou título de Técnico deportivo en baloncesto: Júnior, Sub'20, competicións sénior de carecer autonómico e seleccións autonómicas no Campionato de España en categoría Cadete.
- Diploma de adestrador de Nivel III ou título de Técnico Deportivo Superior en Baloncesto: Competicións sénior de carácter nacional e seleccións nacionais.

**Sección Terceira.- Licenzas**

**Art. 53.-** O adestrador deberá dispor da licenza oficial correspondente, debidamente dilixenciada. Cada licenza terá validez por unha temporada.

**Art. 54.-** A sinatura da licenza ten carácter de declaración formal do adestrador respecto ós datos que figuran na mesma, responsabilizándose da súa veracidade e da concorrencia dos requisitos esixidos por este Regulamento.

**Art. 55.-** Un adestrador, previa inscrición das correspondentes licenzas, poderá dirixir como máximo tres equipos dun mesmo Club, sempre que estes xoguen competicións de distinta categoría, e reúna as seguinte condición:

- Que posúa a titulación esixida para poder dirixir ó equipo de maior categoría. Excepcionalmente se permitirá que un adestrador poida subscribir licenza por dous clubs sempre que, ademais das condicións anteriores, non subscriba licenza por equipos que participen na mesma competición.

**Art. 56.-** Un mesmo equipo pode ter máis dun adestrador. Ó menos un dos adestradores inscritos no tríptico debe se encontrar presente en cada partido. En caso de que non se poida cumprir por algunha razón, o exposto no parágrafo anterior, o árbitro deberá facer figurar esta anomalía no reverso o acta ós efectos que procedan.

**Art. 56-Bis.-** A) A vinculación entre adestrador e club poderá ser dada por finalizada por decisión do Comité de Competición e competente, mediante expediente promovido a petición de calquera das dúas partes e baseado en incumprimento de obrigas pola outra parte, e en xeral, no disposto no presente Regulamento.

B) No curso da temporada, un adestrador, poderá cambiar de equipo se se cumpre algunha das condicións seguintes:

- Que, no caso de que o equipo sexa de club distinto, conte co correspondente Carta de Desvinculación outorgada polo Club.
- Que o novo equipo participe nunha competición distinta á que participaba o equipo de procedencia.

**Sección Cuarta.- Dereitos e Obrigas.**

**Art. 57.-** O Adestrador ten os seguintes dereitos:

A) Liberdade para subscribir licenza, de acordo coas normas establecidas e con respecto dos compromisos adquiridos.

B) Intervir como electores e elixibles nas eleccións a representantes, polo seu estamento, da Asemblea Xeral e Comisión Delegada, así como do

Presidente da Federación Galega de Baloncesto e cando así proceda, da Federación Española.

C) Asistir as probas e cursos de preparación ós que sexa convocado pola Federación Galega de Baloncesto, sen prexuízo das obrigas para o seu Club.

D) Recibir atención sanitaria de balde e adecuada en caso de lesión deportiva, ben por atención directa do club ou a través do seguro obrigatorio que o club deberá ter coa Mutualidade Xeral Deportiva, ou outra entidade pública ou privada, que outorgue como mínimo as mesmas prestacións.

E) Recibi-lo material deportivo preciso para a súa actividade.

F) Ó cumprimento das estipulacións pactadas co Club sempre que non infrinxan as normas da FIBA.

**Art. 58.-** O Adestrador ten as seguintes obrigas:

A) Someterse a disciplina das entidades deportivas ás que se encontre vinculado por licenza.

B) Non intervir en actividades deportivas con equipo distinto do seu/s, sen autorización do seu Club.

C) Utilizar, coidar e, cando sexa requirido para elo, devolve-lo material deportivo que o Club lle entregue.

D) Asistir as probas e cursos ós que sexa convocado pola Federación.

# CAPITULO CUARTO

## ÁRBITROS

### Sección Primeira.- Definición e Condición de Árbitro.

**Art. 59.-**

1. Son árbitros, coas categorías que regulamentariamente se determinen, as persoas naturais que, obtendo a correspondente licenza federativa coidan da aplicación das Regras Oficiais de Xogo e demais normas de aplicación durante os encontros, ostentando a máxima autoridade dentro do terreo de xogo.
2.- Son Oficiais de mesa as persoas naturais que obtendo a correspondente licenza federativa colaboran cos árbitros no desempeño da súa función durante os encontros.
3.- Terán a consideración de Técnicos arbitrais aquelas persoas que, subscribiran a pertinente licenza, desenrolan funcións de dirección, formación e inspección dentro deste colectivo.

**Art. 60.-** Para que un árbitro ou oficial de mesa poida subscribir licenza federativa deberá reuni-las condicións seguintes:

A) Ter máis de catorce anos.
B) Posuí-lo título oficial de árbitro ou oficial de mesa, recoñecido pola Federación Galega de Baloncesto.

Excepcionalmente, os adestradores, sexa cal sexa a súa titulación, así como os xogadores de categorías Cadete, Júnior e Sénior, poderán ser árbitros ou oficiais de mesa das categorías Preminibasket, Minibasket, Infantil e Cadete zonal sempre e cando se autorice a súa colaboración por parte da Delegación Zonal correspondente.

Para que un técnico arbitral poida obter licenza federativa deberá ser árbitro ou oficial de mesa en activo. Será incompatible a condición de técnico arbitral con calquera outra actividade no seo da Federación Galega de Baloncesto.

**Art. 61.-** A titulación oficial dos árbitros e oficiais será expedida pola Federación Galega de Baloncesto, a través do Comité Galego de Árbitros.

### Sección Segunda.- Categorías.

Art.62.- Os árbitros e oficiais de mesa poderán ser clasificados por categorías.

A clasificación dos árbitros será efectuada pola Federación Galega de Baloncesto a través do Comité Galego de Árbitros. Para levar a cabo tal clasificación poderá establece-las probas que considere oportunas.

### Sección Terceira.- Licenzas.

Art. 63.- Os Árbitros, Oficiais de mesa e Técnicos arbitrais, deberán dispor da licenza oficial correspondente, debidamente dilixenciada a través do Comité

Galego de Árbitros de Baloncesto. Cada licenza terá validez por unha temporada.

**Art. 64.-** A sinatura da licenza ten carácter de declaración formal do Árbitro, Oficial de mesa ou técnico arbitral, respecto ós datos que figuran na mesma, responsabilizándose da súa veracidade e da concorrencia dos requisitos esixidos por este Regulamento.

**Sección Cuarta.- Dereitos e Obrigas.**

**Art. 65.-** Son dereitos dos Árbitros, Oficiais de Mesa e Técnicos arbitrais:

A) Asistir as probas e cursos de perfeccionamento ou divulgación ós que sexa Convocado pola Federación Galega de Baloncesto ou polas Delegacións Zonais.

B) Estar en posesión dun seguro obrigatorio que cubra os riscos derivados da práctica da modalidade deportiva correspondente.

C) Percibir dos clubs as compensacións económicas que se establezan con carácter anual, a través do Comité Galego de Árbitros.

D) Ser clasificado nunha das categorías que se establezan pola Federación Galega de Baloncesto, a través do Comité Galego de Árbitros.

E) Intervir como electores e elixibles nas eleccións a representante, polo seu estamento, da Asemblea Xeral e Comisión Delegada, así como do Presidente da Federación Galega de Baloncesto e, cando así proceda da Federación Española.

**Art. 66.-** Son obrigas dos Árbitros e Oficiais de Mesa:

A) Se someter a disciplina da Federación Galega de Baloncesto, ó Comité Galego de Árbitros e ós seus Comités Zonais.

B) Non intervir en actividades deportivas relacionadas co Baloncesto sen autorización da Federación Galega de Baloncesto.

C) Asistir as probas e cursos ós que sexa convocado pola Federación Galega de Baloncesto ou polas Delegacións Zonais.

D) Retirar semanalmente as designacións dos encontros, darse por informados das mesmas, segundo as normas do Comité Galego de Árbitros ou dos Comités Zonais.

E) Asistir e exerce-las súas funcións nos encontros deportivos para os que sexan designados. Para que esta obriga quede dispensada, os colexiados deberán xustifica-la súa indispoñibilidade debidamente e coa antelación prevista nas normas do Comité Galego de Árbitros e os seus Comités Zonais. Calquera membro do C.S.A.B. ou os seus comités poderá solicitar non ser designado para ningún encontro durante un determinado período de tempo, tendo que presentar debidamente cumprimentado o impreso oficial para formaliza-la súa solicitude. Non se admitirá ningunha solicitude con menos de CINCO días de antelación á data de celebración da xornada. Excepcionalmente, e a xuízo da F.G.B. poderase autorizar

algunha solicitude fóra dos prazos sinalados, sempre que esta estivese debidamente xustificada.

F) Coñecemento das Regras de Xogo e Regulamentos da F.G.B.

G) Aqueles outros que lles veñan impostos pola lexislación vixente, polos Estatutos, Normas Específicas de Competición ou polos acordos adoptados polos órganos da Federación Galega de Baloncesto.

H) Estar ó corrente de pago das súas cotas.

# CAPITULO QUINTO

## DELEGADOS E ACOMPAÑANTES

### Sección Primeira.- Delegado de Equipo.

**Art. 67.** Os equipos poderán contar cun ou varios delegados de equipo, que serán as persoas que ostenten a representación do Club e que se ocuparán dos cometidos administrativos, así como de auxiliar ó adestrador nas tarefas que este lle sinale.

**Art. 68.-** O delegado de equipo deberá estar provisto da correspondente licenza federativa. Un mesmo delegado poderá ter licenza por varios equipos do mesmo Club.

A condición de delegado de equipo é incompatible coa de adestrador así como coa de xogador no transcurso dun encontro.

**Art. 69.-** O directivo, o médico, o manager, o trainer, o preparador físico e o encargado do material asimilaranse ós delegados de equipo, debendo contar coa oportuna licenza federativa.

**Art. 70.-** Non poderá actuar como delegado de campo a persoa que o está facendo no mesmo encontro como delegado de equipo, a fin de que aquel poida cumprir correctamente coas súas obrigas.

### Sección Segunda.- Delegado de Campo.

**Art. 71.-** É Delegado de campo a persoa que, provista da correspondente licenza federativa, ten ó seu cargo a coordinación do orde no terreo de xogo.

A licenza de Delegado de Campo habilita para desenrola-la súa labor en tódolos equipos do mesmo clubs.

Nas competicións zonais e en categorías ata Júnior, a figura do Delegado de Campo pasa a ser voluntaria non obstante as obrigas do mesmo serán asumidas polo Club local.

**Art. 72.-** O Delegado de campo presentarase ó equipo arbitral e, no seu caso, ó delegado federativo, antes de dar comezo o encontro para lles acompañar dende a entrada do recinto deportivo ata os seus vestiarios e dende estes ó terreo de xogo antes do comezo, durante o descanso e ó final do encontro, ou en calquera outra circunstancia en que resulte oportuno, cumprindo as instrucións que reciba do equipo arbitral ou do delegado federativo.

O Delegado de campo darase a coñecer ó equipo visitante, actuando de enlace entre os equipos contendentes e sinalando os vestiarios a utilizar.

O Delegado de Campo por razóns de forza maior pode ser substituído por un directivo do Club se acreditando co D.N.I.

**Art. 73.-** As funcións do Delegado de campo serán entre outras as seguintes:

A) Facilitar a ambos equipos bancos ou cadeiras suficientes para situar ó

adestrador, xogadores, delegado de equipo e asimilados, provistos de licenza federativa.

B) Ordena-la colocación dos bancos ou cadeiras a distancia regulamentaria da mesa de anotación, convenientemente illados do público, impedindo que se sitúen nos mesmos persoas non autorizadas.

C) Responder do bo orde, solicitando a intervención necesaria da forza pública, antes, durante e despois do encontro.

D) Velar pola integridade física dos árbitros e as súas pertenzas dende unha hora antes ata que estes o consideren oportuno. En caso de forza maior, de non estar presente o Delegado de Campo, poderá realiza-las súas funcións un directivo do Club (que conste como tal na F.G.B.), debidamente identificado polo seu D.N.I. ou pasaporte.

**Art. 74.-** A función do Delegado de campo é incompatible con calquera outra con motivo do encontro.

**Sección Terceira.- Delegado Federativo.**

**Art. 75.-** Calquera club poderá solicitar, con 5 días de antelación á xornada de celebración do encontro, a designación dun delegado federativo para o mesmo.

A F.G.B. cando o considere oportuno poderá nomealo de oficio.

**Art. 76.-** O delegado federativo presentarase no campo de xogo cunha hora de antelación á hora oficial fixada para o inicio do encontro, acreditándose ante o equipo arbitral e os delegados dos equipos. Deberá permanecer no campo de xogo durante a totalidade do encontro, e en caso de necesidade, con posterioridade ó mesmo.

**Art. 77.-** Durante o encontro o delegado federativo ocupará un lugar que non será a mesa de anotadores. Serán funcións do delegado federativo as seguintes:

- Esixi-lo cumprimento das disposicións contidas no Regulamento Xeral e Bases de Competición correspondentes.
- Realizar obrigatoriamente un informe sobre as incidencias rexistradas antes, durante e con posterioridade ó encontro. Dito informe obrará en poder da F.G.B. dentro das 48 horas seguintes á celebración do partido.

**Art. 78.-** En ningún caso poderá o delegado federativo interferi-las funcións dos árbitros.

**Art. 79.-** Os gastos que orixine a petición de delegado federativo serán por conta do club que o solicite ou por conta da F.G.B. cando esta o nomee de oficio.

**Sección Cuarta.- Comisario de Mesa.**

**Art. 80.-** Calquera club pode solicita-la designación dun comisario de mesa para un encontro determinado. A petición deberá se facer por escrito á F.G.B. con 5 días de antelación á celebración do encontro.

Cando a Federación correspondente ou algún dos seus órganos disciplinarios decidan a celebración dun encontro con menos de 15 días de antelación, a F.G.B. poderá autoriza-las peticións de comisario de mesa realizadas fóra do prazo establecido no parágrafo anterior.

**Art. 81.-** Se a F.G.B. autoriza a petición, o C.G.A.B. designará ó comisario de mesa, esixíndose que a persoa nomeada non pertenza á zona ou zonas dos equipos que interveñan no encontro.

En casos excepcionais a F.G.B., de oficio, poderá instar ó C.G.A.B. que designe un comisario de mesa para un determinado encontro.

**Art. 82.-** O comisario de mesa comparecera no campo de xogo cunha hora de antelación á hora oficial de xogo fixada para o inicio do encontro, acreditándose ante o delegado federativo, cando o houbese, ante o equipo arbitral e ante os delegados dos equipos.

**Art. 83.-** O comisario de mesa ocupará sempre un lugar na mesa de anotadores para supervisa-la súa actuación.

**Art. 84.-** Serán funcións do comisario de mesa:

- Revisar e custodia-los trípticos e licenzas, así como os respectivos documentos de identificación, ata que os árbitros, ó final do partido, acorden a súa devolución ós equipos.
- Nos casos que o considere conveniente poderá solicita-la presentación do D.N.I. orixinal.
- Controla-la correcta actuación do anotador, cronometrador e encargado da regra de 24 segundos.
- Aclarar e corrixi-las posibles anomalías que tivesen lugar na anotación e/ou cronometraxe durante o encontro.
- Advertir ó equipo arbitral de calquera irregularidade que se producise en calquera destes supostos.
- Realizar obrigatoriamente un informe que deberá obrar dentro das 48 horas seguintes en poder da F.G.B. e do Comité de Competición da mesma cando así o esixa o seu contido.

**Art. 85.-** Os gastos que orixine a petición do Comisario de Mesa serán por conta do club que o solicite ou por conta da F.G.B. cando esta o nomee de oficio.

# TITULO SEGUNDO

## COMPETICIÓNS

# CAPITULO PRIMEIRO

## NORMAS XERAIS

### Sección Primeira.- Temporada Oficial.

**Art. 86.-** A temporada comeza o día 1 de Xullo de cada ano e finaliza o 30 de Xuño do ano seguinte.

### Sección Segunda.- Competicións Oficiais.

**Art. 87.-** Ós efectos sinalados no presente regulamento terán a consideración de competición oficial os seguintes:

A) Campionatos en calquera das súas categorías que sexan convocados pola Federación Galega de Baloncesto.

B) Campionatos, torneos ou eliminatorias autonómicas ou zonais en calquera categoría, que sexan fase previa clasificatoria para as competicións ás que se refire o apartado anterior. A organización poderá quedar delegada na ou nas Delegacións correspondentes.

C) Calquera outro campionato ou torneo, autonómico ou provincial ó que a Federación Galega de Baloncesto confira expresamente a condición de competición oficial.

Anualmente nas Bases de Competición especificaranse as competicións oficiais que se desenrolarán no ámbito da Federación Galega de Baloncesto.

A Federación Galega de Baloncesto organizará aquelas competicións que teñan un carácter autonómico, delegando nas Delegacións Zonais a organización das competicións de carácter zonal.

**Art. 88.-** As competicións poderán se celebrar:

A) Por sistema de copa: eliminatorias a un ou máis encontros, por diferenza de tanteo.

B) Por sistema de liga: nun ou máis grupos, todos contra todos, a unha ou máis voltas, nunha ou varias fases e con inclusión ou non de eliminatorias polo sistema de «Play-Off» que se disputará ó mellor dun número impar de encontros.

C) Por calquera outro sistema que se estableza.

Nas Normas Específicas das Bases de Competición reflectirase a forma de xogo das mesmas.

**Art. 89.-** As competicións que se celebren por sistema de eliminatorias a un só encontro, clasificarán en cada unha ó equipo vencedor do encontro. Se o mesmo rematase en empate disputarase a prórroga ou prórrogas que determinen as regras Oficiais de xogo.

**Art. 90.-** Nos encontros pertencentes a unha eliminatoria cando esta se xogue a dous encontros, un deles, poderá finalizar en empate.

**Art. 91.-** Cando nun encontro un equipo chegue a se encontrar cun só xogador e, en consecuencia, os árbitros dean por finalizado o partido antes

de chegar ó seu termo o tempo regulamentario de xogo perderá este encontro ou a eliminatoria, neste último caso independentemente do resultado do outro encontro, polo que se aquel é o primeiro non haberá xa necesidade de xoga-lo segundo.

O anterior non será aplicable cando se trate dunha eliminatoria polo sistema de «Play-Off».

**Art. 92.-** Cando un equipo non compareza a algún dos encontros ou retírese do terreo de xogo antes de que finalice oficialmente o mesmo, gañará a eliminatoria o outro equipo, polo que, unha vez producida a incomparecencia, non se disputarán os seguintes encontros pertencentes a esta eliminatoria.

**Art. 93.-** Os encontros de promoción entre dous equipos para ascender ou permanecer nunha categoría terán a consideración de eliminatorias ós efectos do disposto no presente Regulamento. Nas Normas Específicas para as Competicións poderán se regular promocións mediante sistema de «Play-Off» ó mellor de tres ou cinco encontros.

**Art. 94.-** Cando unha competición dispútese polo sistema de liga, cada encontro dará lugar ás puntuacións seguintes:

A) Dous puntos ó equipo vencedor.

B) Un punto ó equipo vencido.

Os encontros que se disputen baixo o sistema de «Play-Off» o gañador determinarase por maior número de vitorias dos encontros programados.

**Art. 95.-** A incomparecencia dun equipo ou a súa retirada do terreo de xogo antes de finaliza-lo encontro será sancionado con arranxo ó que se establece no Regulamento Disciplinario.

**Art. 96.-** Cando un encontro finalice por decisión arbitral antes do termo regulamentario, o Comité de Competición ó sinalar ó equipo culpable da interrupción, poderá asimilalo a un equipo retirado do terreo de xogo, a efectos de determinación do resultado e das sancións previstas no Regulamento Disciplinario.

**Art. 97.-** Cando nun encontro de liga os árbitros dean por finalizado o mesmo por quedar un só xogador nun dos dous equipos, salvo que o Comité de Competición aprecie intencionalidade ou mala fe neste equipo, en cuxo caso serán de aplicación os dous artigos anteriores, o resultado final será o que sinalase o marcador en dito momento, ou o de 2-0 se ía gañando o equipo que se quedou cun xogador. Neste caso non se lle descontará a este equipo ningún punto.

**Art. 98.-** Rematada a competición por sistema de liga, farase a clasificación final, do primeiro ó último posto, en función do total de puntos alcanzados por cada equipo participante na totalidade dos encontros, e de acordo co disposto neste Regulamento. Se a competición incluíse encontros polo sistema de «Play- Off», estarase ó disposto nos artigos anteriores.

**Art. 99.-** No caso de que nunha competición participase algún equipo sen dereito a ascenso elo non obstará para que exista unha única clasificación.

**Art. 100.-** Salvo nos encontros das eliminatorias a celebrar a dobre confrontación, ningún encontro poderá considerarse finalizado se ó termo do segundo tempo regulamentario rematase co resultado de empate. Se se dese tal resultado, continuarase o xogo durante unha prórroga de cinco minutos ou durante os períodos de igual tempo que sexan necesarios para desfacer dito empate.

Antes da primeira prórroga os equipos sortearán o campo de xogo e cambiarán ó finalizar cada unha, debendo existir un descanso de dous minutos entre cada período extra.

**Sección Terceira.- Desempates.**

**Art. 101.-** Nas competicións por sistema de copa, se ó termo dunha eliminatoria resultasen empatados a suma de tantos ambos equipos, para decidi-la eliminatoria disputarase a prórroga ou prórrogas, a continuación do segundo partido ata desface-lo empate.

**Art. 102.-** Nas competicións por sistema de liga, cando ó establece-las clasificacións ó final de cada xornada ou da competición nunha das súas partes ou ó final, se encontrasen dous ou máis equipos empatados a puntos, para establece-lo orde definitivo procederase do seguinte modo:

A) Ata finaliza-la primeira volta das competicións cuxo sistema de liga sexa a dobre volta, o orde de clasificación establecerase tendo en conta os seguintes criterios:

1º. Terase en conta a maior diferenza xeral de tantos a favor e en contra.

2º. O maior coeficiente xeral de tantos a favor e en contra.

3º. Os puntos conseguidos soamente entre os equipos empatados.

4º. A maior diferenza de tantos a favor e en contra entre os equipos que continúen empatados.

5º. O maior coeficiente de tantos a favor e en contra entre os equipos que continúen empatados.

B) Dende o inicio da segunda volta e ata o final de cada Competición e nos Campionatos a unha soa volta, a clasificación obterase da seguinte forma:

a) Se son dous os equipos empatados establecerase a súa clasificación tendo en conta os seguintes criterios:

1º. Os puntos obtidos nos partidos xogados entre eles, clasificándose en primeiro lugar, o que some máis puntos.

2º. Maior diferenza de tantos a favor e en contra a suma dos encontros xogados entre eles.

3º. Maior número de tantos a favor dun nos encontros xogados entre eles.

4º. Maior diferenza de tantos a favor e en contra a suma de tódolos encontros da competición.

5º. Maior número de tantos a favor na suma de tódolos encontros da competición.

b) Se son máis de dous os equipos empatados a puntos, establecerase a súa clasificación polos criterios definidos no apartado a).

Aplicándose os criterios anteriores, redúcese o número de equipos empatados, iniciarase o procedemento sinalado no apartado a) entre os equipos que sigan empatados tantas veces como sexa necesario.

c) Cando interveña, nun dos supostos anteriores, un equipo que ten na súa contra un tenteo de 2-0 ou cometa unha infracción cuxa sanción puidese ser este resultado, este ocupará a última posición de tódolos equipos empatados a puntos con el, independentemente dos resultados obtidos cos equipos cos que estivese empatados a puntos.

**Sección Cuarta.- Encontros.**

**Art. 103.-** En tódolos encontros aplicaranse as Regras Oficiais de Xogo aprobadas pola F.I.B.A. e editadas pola Federación Española de Baloncesto, coas modificacións que establece o presente Regulamento Xeral autorizadas por aquelas. Excepcionalmente, as Bases de Competición poderán modificar algunha das Regras Oficiais de Xogo.

**Art. 104.-** O Balón de xogo deberá reuni-las características aprobadas pola Federación Galega de Baloncesto. A Xunta Directiva da Federación Galega determinará a marca e modelos de balón oficial de xogo co que se deberán disputa-las competicións oficiais organizadas pola mesma.

**Art. 105.-** Considerarase que un xogador foi aliñado nun encontro se figura no Acta Oficial do mesmo.

**Art. 106.-** Soamente poderán permanecer no terreo de xogo e sentarse no banco de cada equipo os xogadores que figuren no Acta de Xogo, adestrador ou adestradores, totalizando os acompañantes non máis de cinco persoas, sempre que conten coa licenza federativa correspondente (xogador non inscrito en acta ou delegado), expedida pola Federación Galega de Baloncesto, ou identifíquense na forma establecida no artigo 131 do presente Regulamento. O árbitro principal ordenará que se retire do banco ou lugar próximo ó mesmo calquera persoa que non cumpra as anteriores condicións. Asimesmo, ordenará que se retire do banco calquera persoa que sexa sancionada con falta descualificante, quen se deberá retirar ós vestiarios ou a abandona-la instalación deportiva.

**Art. 107.-** Os capitáns de equipo soamente poderán asinar no Acta Oficial do encontro se o fan baixo protesta ou en caso de apelación na forma establecida polas Regras Oficiais de Xogo. Caso de facelo o Club estará obrigado a presentar un informe ó Comité correspondente nun prazo non superior a corenta e oito horas a contar dende a celebración do encontro.

**Art. 108.-** Todo encontro se considerará celebrado na data que figura no calendario oficial, aínda cando se dispute noutra. En consecuencia, a efectos

de validez de licenzas e demais requisitos regulamentarios, citarase á situación da data sinalada no calendario.

Exceptúase do disposto no presente artigo o que se refire ó cumprimento de sancións, no que se estará ó previsto no artigo correspondente.

**Art. 109.-** Os equipos non poderán alegar ningunha causa para non celebrar un encontro ou demora-lo seu comezo cando sexan requiridos polos árbitros para inicialo. A súa negativa a cumpri-la orde dos árbitros será considerada como incomparecencia.

**Art. 110.-** No caso de incomparecencia do equipo arbitral, este se poderá substituír por persoas presentes, aínda cando non sexan colexiados, se están de acordo ambos equipos, facéndoo constar ó dorso do Acta coa conformidade dos capitáns. Se só comparecese un dos árbitros designados, elo non será motivo de suspensión e o encontro celebrarase co árbitro presente, quen poderá utilizar como auxiliar a outro colexiado se o houbese e sempre que haxa conformidade de ambos equipos, facendo constar tal incidencia ó dorso do acta. Os gastos que ocasionen a incomparecencia do equipo arbitral correrán a cargo do Comité de árbitros correspondente.

**Art. 111.-** Se a incomparecencia afecta a anotador ou cronometrador, o árbitro principal poderá substituílos do modo que crea máis conveniente, a fin de que o encontro non haxa de suspenderse, facendo constar tal incidencia ó dorso do acta.

**Art. 112.-** Cando do informe arbitral ou informes complementarios do mesmo se desprenda que o resultado que reflexa o Acta é anormal e que o arbitraxe non puido ser realizado libremente debido á actitude coactiva do público ou doutras circunstancias que fixesen temer pola integridade física do equipo arbitral, o Comité de Competición correspondente determinará se o encontro repetirase total ou parcialmente, incluso en terreo neutral ou a porta pechada, ou se se dá por gañador ó equipo non culpable, polo resultado que reflicta o Acta cando lle fóra favorable e por 2 a 0 cando non o fóra, podéndose descontar un punto da clasificación ó equipo responsable, exonerando de sanción ós compoñentes do equipo arbitral pola súa actuación. De se acorda-la repetición total ou parcial do partido, os gastos e indemnizacións que procedesen con motivo da mesma serán de conta do equipo culpable.

**Art. 113.-** No suposto de que o Acta Oficial dun encontro non reflicta o resultado real do mesmo de modo que, a xuízo do Comité de Competición, inflúa decisivamente ou desvirtúe o resultado final do mesmo, dito Comité poderá anula-lo encontro celebrado e dispo-la súa nova celebración total ou parcialmente, sendo os gastos a conta da Delegación correspondente.

# CAPITULO SEGUNDO

## PARTICIPACIÓN EN COMPETICIÓNS

### Sección Primeira.- Principios Xerais.

**Art. 114.-** Poderán participar nas competicións que convoque anualmente a Federación Galega de Baloncesto os clubs afiliados á mesma que se encontren ó corrente das súas obrigas deportivas, administrativas e económicas, teñan a categoría esixida na competición de que se trate así como o dereito deportivo necesario e cumpran os requisitos que en elas se establezan.

**Art. 115.-** Para que un club ou entidade poida ser autorizado a inscribirse en competición deberá presentar na F.G.B., a través da súa Delegación Zonal correspondente, e no prazo debido a seguinte documentación:

- Ficha autonómica do Club.
- Fotocopia, por unha soa vez, dos Estatutos aprobados pola Dirección Xeral de Deportes da Xunta de Galicia.
- Depósito económico inicial ou Aval bancario, que se estableza en función da categoría do club a nivel FGB (non se contabilizan as Competicións non organizadas pola FGB)

O Depósito Económico inicial deberá ser ingresado na conta da FGB, e xustificarase no momento da inscrición mediante copia do xustificante de ingreso. Se se optase polo Aval bancario, utilizarase o modelo oficial proporcionado pola FGB.

A documentación anterior deberá presentarse con anterioridade á inscrición de calquera equipo do Club.

**Art. 116.-** Participarán en cada competición e dentro da categoría que lles corresponda, os equipos que formalicen a súa inscrición e cumprido tódalas demais normas e requisitos da F.G.B.

Nas Competicións con limitación de equipos, nos cinco días seguintes a data de peche de inscrición a F.G.B. comunicará as vacantes producidas a través da súa páxina web oficial. Os clubs interesados en cubrir algunha destas vacantes e de acordo co artigo 125 do presente Regulamento solicitarano por escrito antes do décimo día posterior á data de inscrición. Se por necesidades excepcionais de competición é necesario reducir estas datas, autorízase ó Comité de Actividades da FGB que negocie ante os clubs directamente implicados unha redución de ditas datas.

O Comité de Actividades, resolverá en virtude do disposto o artigo 125 do presente Regulamento para cubri-las vacantes.

As vacantes producidas unha vez elaborado o calendario non serán cubertas.

**Art. 117.-** Cada Club poderá inscribir en competición o número de equipos que desexe, dentro das limitacións que para algunha categoría se estableza no presente Regulamento e nas Bases das respectivas competicións.

Para que un equipo, dun Club inscrito previamente, poida ser autorizado a inscribirse en competición deberá presentar na F.G.B., a través da súa Delegación Zonal correspondente, e no prazo debido a seguinte documentación:

- Folla de inscrición do equipo na categoría que corresponda.
- Ingreso bancario da Cota de Afiliación.

Chegada a data tope de inscrición se non se recibiu a totalidade da documentación reseñada, considerarase retirado, procedéndose se a F.G.B. estimáseo oportuno, á súa substitución por outro equipo.

**Art. 118.-** Cada Club só poderá presentar un equipo masculino e outro equipo feminino na mesma competición que organice a Federación Galega de Baloncesto ou as súas Delegacións Zonais, salvo nas competicións zonais nas cales si estará permitido.

Os equipos que de calquera categoría sénior pertencentes a un club que xa conte con outro equipo de categoría sénior na competición inmediata superior, non terá dereito de ascenso, e polo tanto a non clasificación para as eventuais eliminatorias. A efectos de ascenso o seu posto será ocupado, sucesivamente por aquel outro equipo clasificado a continuación na competición de que se trate.

Nas competicións Júnior, Cadete e Infantil, a Fase do Grupo Especial considerase Fase Autonómica, polo que no n poderá haber máis dun equipo do mesmo clubs, polo que participaría o seguinte clasificado. O resto de competicións posteriores, Torneo de Apertura, Fase de Cruces clasificatorias e as Fases Finais, Ainda que nalgún caso teñan carácter autonómico, pola propia dinámica da competición, permitirase que algúns clubs poidan participar con máis dun equipo.

**Art. 119.-** Todo equipo vén obrigado a participar cos seus equipos nas competicións oficiais que correspondan á categoría daqueles, así como nas que as Bases de Competición establezan como obrigatorias.

**Art. 120.-** Unha vez cumpridos os requisitos e condicións que se establezan nas Normas correspondentes, os clubs manterán, na competición de maior rango en que participen os seus equipos, os dereitos deportivos que lles pertencen segundo as normas xerais e vixentes e non perderán a súa categoría máis que por descenso na competición correspondente, renuncia ou sanción.

Nestes dous últimos casos, o equipo que se retire ou sexa sancionado ocupará sempre unha praza das de descenso.

**Art. 121.-** Todo equipo que logre unha clasificación nunha competición que lle permita o ascenso, poderá renunciar ó mesmo nos seguintes termos:

A) A renuncia haberá de se efectuar en todo caso por escrito asinado polo Presidente do Club no que se encontre integrado o equipo, dirixido á Delegación correspondente.

B) A renuncia se debe efectuar antes do termo da temporada oficial para que se entenda realizada a tempo (30 de xuño).

C) A renuncia fóra de tempo, ocasionará o pago do importe dos danos e prexuízos que dita decisión poida comportar á administración federativa.

**Art. 122.-** Ademais dos efectos previstos no apartado C) do artigo anterior, os equipos que renuncien a participar na categoría que lles corresponde, para poder competir de novo deberán realiza-la súa inscrición na última das categorías que organice a súa Delegación correspondente

**Art. 123.-** Poderán existir competicións nas seguintes categorías:

A) Sénior Masculina e Feminina.
B) Júnior Masculino e Feminino.
C) Cadete Masculino e Feminino.
D) Infantil Masculino e Feminino.
E) Preinfantil Masculino e Feminino.
F) Minibasket (Alevín).
H) Preminibasket (Benxamín).
I) Calquera outra categoría que sexa aprobada pola Asemblea Xeral.

**Art. 124.-** A Federación Galega de Baloncesto poderá esixir depósitos económicos ou avais ós Clubs en determinadas competicións, a fin de responder da participación dos equipos que se houbesen inscrito en elas.

**Art. 125.-** Establécese o seguinte sistema para cubri-las vacantes que se puidesen producir nas competicións autonómicas afectadas, salvo naqueles casos que as súas normas específicas recóllano:

1º.- As presentadas ata o 30 de Xuño do ano en curso.
2º.- As presentadas ata o día de finalización do prazo de inscrición do campionato solicitado.
3º.- As presentadas ata o día anterior á celebración do sorteo do calendario do campionato solicitado.

O sistema de cubrilas vacantes dentro dos prazos anteriormente citados será:

1º.- Os equipos clasificados en segundo lugar, ou aqueles clasificados a continuación dos ascendidos, e a continuación os clasificados en terceira posición.
2º.- O primeiro equipo dos descendidos da competición.
3º.- O equipo clasificado no 4º posto das Fases de Clasificación e así sucesivamente.

**Sección Segunda.- Equipos: Afiliacións, dilixenciamento e licenzas.**

**Art. 126.-** O número de licenzas de xogadores en vigor en cada equipo en competicións sénior ou Ligas FGB é de 12, sendo obrigatorio un mínimo de 8 en todo momento.

Excepcionalmente, nos equipos de categoría Júnior, Cadete, Infantil e Mini-Basket que non participen na liga Galega o número máximo de xogadores da súa categoría respectiva que se poderá ter á vez no curso dunha temporada

é o de 15, se ben só se poderán aliñar un máximo de 12 xogadores en cada partido.

**Art. 127.-** As licenzas dos xogadores han de ser necesariamente da idade do equipo que vaian xogar. Non obstante se autoriza que os xogadores con licenza de idade inmediata inferior poidan se aliñar na categoría inmediata superior

**Art. 128.-** O Club tramitará a licenza dos seus xogadores, adestradores e delegados a través da súa Delegación Zonal.

Para elo, o Club confeccionará o Tríptico de alta inicial e a Ficha individual de técnicos, delegados e xogadores; ambos documentos poderán se solicitar nas Delegacións Zonais ou se descargar directamente na páxina web da F.G.B. A F.G.B. poderá esixi-los documentos acreditativos tanto para verifica-la idade do xogador como a cualificación do técnico.

A F.G.B. encargarase de emiti-las Fichas definitivas de xogadores, técnicos e delegados, o Tríptico definitivo e de dalos de alta no Seguro Médico correspondente.

**Art. 129.-** Todo equipo poderá dar tres altas e tres baixas no transcurso da temporada.

A Federación Galega de Baloncesto poderá admitir excepcións a esta norma, de acordo coas Bases de Competición ou a petición xustificada dun equipo e visto o informe da Delegación Zonal correspondente.

**Art. 130.-** Salvo que nas normas de competición sinálense as datas topes de dilixenciamento, nos encontros de Fases Finais Autonómicas, non se poderán aliñar aqueles xogadores que non teñan presentada a solicitude de licenza con trinta días naturais de antelación á data de iniciación dos mesmos. Tódalas licenzas serán dilixenciadas a través das Delegacións Zonais, que as remitirán á Federación Galega para a súa autorización definitiva.

**Art. 131.-** Para tomar parte nun encontro oficial, os equipos deberán presenta- las licenzas de tódolos xogadores que aliñen, dilixenciadas cunha antelación mínima de corenta e oito horas ó mesmo. A tarde do venres considerarase válida para a tramitación de licenzas para encontros do sábado ou domingo seguinte. Se algunha licenza estiver en tramitación, ademais de presenta-la autorización

provisional da Delegación correspondente, válida para un só encontro, demostrarán ó árbitro a identidade dos xogadores que se encontren en dito caso mediante a presentación do Documento Nacional de Identidade, Pasaporte ou outro documento oficial acreditativo, todos eles orixinais e individuais, e asinarán ó dorso do Acta, responsabilizándose o equipo se houbese falsidade.

**Sección Terceira.- Equipo arbitral.**

**Art. 132.-** Os encontros serán dirixidos por un ou dous árbitros e por un, dous ou tres oficiais de mesa, sempre con amaño ás posibilidades e segundo determínese para cada campionato. O Árbitro principal será o responsable

do Acta oficial do encontro, revisando na media parte e ó final do mesmo tódalas anotacións, das que dará fe coa súa sinatura. En caso de disconformidade co resultado do encontro, os Capitáns dos equipos poderán asina-lo Acta «baixo protesta».

**Art. 133.-** O Árbitro principal informará ó Comité de Competición da Federación Galega de Baloncesto, ó dorso do Acta de xogo, de cantas incidencias acontezan antes, durante e despois do encontro, tanto no que se refire ó cumprimento das normas que rexan para a competición, como ó comportamento dos equipos e público. Excepcionalmente poderá substituír esta obriga por un informe en prego aparte, que haberá de remitir precisamente dentro das vinte e catro horas seguintes ó final do encontro, por correo urxente ou por calquera outro sistema que garanta a recepción en prazo. A falta de remisión do informe, dentro do expresado prazo, considérase información defectuosa.

**Art. 134.-** O Árbitro principal do encontro coidará de que sexa entregado a cada equipo un exemplar do Acta Oficial. Outros dous exemplares remitiraos á maior urxencia, por calquera outro sistema que garanta a recepción dentro do prazo de corenta e oito horas da finalización do encontro, xunto co informe adicional, se procede, á Delegación correspondente, segundo sexa o rango da competición. O incumprimento do prazo indicado fará que se considere a información recibida como defectuosa.

**Art. 135.-** Os árbitros coidarán de que se celebre todo encontro que estea oficialmente programado, suspendéndoo só en caso de forza maior, actitude gravemente perigosa do público ou calquera dos equipos contendentes para a seguridade do equipo arbitral ou dos xogadores, ou por grave deficiencia técnica da instalación. En calquera outro caso non poderán suspende-lo encontro.

**Art. 136.-** Antes de comeza-lo encontro o Arbitro principal comprobará a identidade dos xogadores inscritos no Acta, mediante o exame das correspondentes licenzas e requirirá ós que non a presenten ou de cuxa identidade teña algunha dúbida, para que asinen ó dorso do Acta oficial de xogo e presenten o seu Documento Nacional de Identidade, pasaporte ou outro documento oficial acreditativo, todos eles orixinais e individuais.

Igualmente comprobará a identidade dos demais compoñentes do banco, quen carecen de licenza ou tarxeta de identidade de directivo de Club e non xustifican que a mesma está en tramitación non poderán permanecer no mesmo.

Art. 137.- Cando sexa expulsado do terreo de xogo por falta descualificante un xogador, adestrador, delegado de equipo ou asimilado, o Arbitro principal reterá a súa licenza, que haberá de remitir dentro das vinte e catro horas seguintes ó final do encontro e por correo urxente, xunto co Acta ou informe, se o houbese, á Delegación organizadora, que lle entregará ó Comité de

Competición correspondente, se este requisito non se cumprise, consideraríase por parte do Comité información defectuosa.

**Sección Cuarta.- Liquidación de Gastos Zonais de Arbitraxe por Club.**

Unha vez finalizado o prazo de inscrición cada club recibirá unha notificación do Comité Zonal de Árbitros do importe mensual que terá que ingresar antes do 5º día de cada mes. Esta cantidade sairá dun rateo dos gastos de arbitraxe por cada club. Ó finaliza-la temporada realizarase unha liquidación definitiva dos arbitraxes e o comité zonal aboará ou reclamará a cantidade diferenciada da liquidación.

No suposto de que no prazo establecido o club non houbese satisfeito o pago anteriormente citado, notificarase o feito ó Comité de Disciplina competente para que tome as medidas oportunas.

No suposto de que no prazo establecido o clube non houbese satisfeito o pago anteriormente citado, notificaráse o feito ó Comité de Disciplina competente para que tome as medidas oportunas.

# CAPITULO TERCEIRO

## TERREOS DE XOGO, DATAS, HORARIOS E UNIFORMES DE XOGO

### Sección Primeira.- Terreos de xogo.

**Art. 138.-** Os terreos de xogo a utilizar polos clubs para os seus encontros oficiais, así como os taboleiros, aros e redes, e aqueles elementos e dispositivos de seguridade e protección, reunirán as condicións técnicas sinaladas polas Regras Oficiais de Xogo

Cada equipo participante deberá contar cun terreo de xogo Oficial, cuberto e pechado, o cal non poderá variar en toda a temporada, no que se celebrarán os seus encontros e que reúnan as condicións técnicas que establecen as Regras Oficiais de Xogo, non admitindo se en competicións aqueles equipos que na súa folla de inscrición non o fagan constar, debendo ó cumprimenta-la súa ficha autonómica do club especifica-las características técnicas do mesmo.

O terreo de xogo será obrigatoriamente liso e non terá planos inclinados, que permita a práctica do baloncesto. O campo de xogo deberá contar obrigatoriamente con marcador electrónico visible, para ambos equipos e público, cronometraxe de vinte e catro segundos electrónico. En casos de forza maior de non contar con sistema de cronometraxe e marcador electrónico deberá telo manual, igualmente os clubs poñerán a disposición dos Oficiais de mesa cinco taboíñas numeradas do un ó cinco para as faltas persoais, así como dúas bandeiriñas vermellas para a sinalización do coubo das catro faltas, tanto orientados ós equipos como ó público.

Cada equipo disporá a ambos lados da mesa de anotación a unha distancia mínima de cinco metros, e a dous metros da liña lateral do terreo de xogo, de forma simétrica, que sexan colocados dous bancos ou cadeiras en cantidade suficiente para cada un dos equipos, e banquiño. Ó propio tempo o club locatario disporá que pegada á mesa de anotación diante da mesma colóquese unha cadeira, para que o equipo que desexe efectuar cambio de xogadores o efectúe coa máxima rapidez.

Nos encontros que participen equipos que realicen desprazamentos e en caso de suspensión do mesmo por inclemencia atmosférica ou por calquera outra causa, deberá se celebra-lo mesmo, obrigatoriamente dentro das dúas horas seguintes á marcada para o comezo do mesmo. Asimesmo se un club ofrece como cancha reserva unha cuberta e pechada e para casos de inclemencia atmosférica, deberá se celebra-lo partido dentro do prazo sinalado anteriormente. Se finalmente e por falta de previsión do equipo local tivese que se suspender definitivamente o encontro, o equipo local perderá o mesmo, sen lle descontar puntos na clasificación e sen que se considerase incomparecencia.

A F.G.B. recomenda a tódolos clubs que sexan propietarios de terreos de xogo cubertos e pechados que, dentro das súas posibilidades, utilicen nos mesmos canastras de pé, así como ter reposto de taboleiros para o caso de cacha accidental.

**Art. 139.-** A Federación organizadora ou as Normas Específicas dalgunhas competicións poderán modificar transitoriamente algunhas das condicións sinaladas no artigo anterior xa sexa con carácter xeral ou particular.

**Art. 140.-** A condición regulamentaria dos terreos de xogo será determinada pola Federación Galega de Baloncesto, a través do órgano competente en materia técnica ou pola entidade organizadora correspondente.

**Art. 141.-** Os clubs que actúen como locais, deberán observa-la normativa vixente en materia de policía de espectáculos, non podendo permiti-lo acceso ás súas instalacións a un número de persoas superior ó aforo oficial daquelas.

**Art. 142.-** Cando o órgano xurisdicional correspondente determine por sanción a clausura ou suspensión do terreo de xogo dun equipo e unha vez dito fallo sexa executivo, o club afectado comunicará no prazo de 24 horas, o escenario dos distintos encontros. Ditos terreos de xogo deberán reuni-las condicións técnicas esixidas para a categoría e ser aprobadas pola F.G.B.

O equipo obxecto de sanción abonará os gastos derivados da mesma ó equipo visitante, co importe correspondente ó exceso de quilómetros a percorrer duplicando os de ida, dende a súa localidade á do terreo de xogo designado, con respecto ós que habería de facer se se xogase no terreo oficial medidos por estrada.

**Sección Segunda.- Datas e horarios de encontros.**

**Art. 143.-** Na folla de inscrición cada equipo deberá fixa-la hora en que darán comezo tódolos seus encontros, a cal estará comprendida dentro dos límites que marquen as Normas Específicas de Competición correspondentes. Dita hora poderase variar na forma, prazos e condicións que se establezan pola FGB ou Delegación organizadora.

Ós clubs que non fagan consta-lo horario dos seus partidos na folla de inscrición, seranlles sinaladas de oficio pola Federación Galega de Baloncesto.

**Art. 144.-** A hora sinalada polos clubs para os seus encontros oficiais debe se fixar en atención ós medios de transporte ordinarios dos equipos visitantes, ó fin de limitar ó mínimo a súa estanza.

**Art. 145.-** O equipo visitante ten a obriga de viaxar no medio de transporte máis apto para chegar a disputa-lo encontro á hora marcada, prevendo as posibilidades de atraso ou suspensión do medio elixido. A non realización desta previsión coa suficiente dilixencia poderá anula-la eximente de forza maior nas incomparecencias.

**Art. 146.-** A tódolos efectos considerarase a data sinalada no calendario como a oficial da competición. Se esa data é domingo, considérase que o sábado é tamén día de competición.

**Art. 147.-** A F.G.B. poderá establecer unha data e horario común nas dúas últimas xornadas dunha fase determinada, nos encontros que poidan afectar ó título, ascensos, descensos ou clasificación para outras competicións.

**Sección Terceira.- Cambios de Datas ou Terreos de xogo.**

**Art. 148.-** Para autorizar cambio de data, hora ou terreo de xogo nalgún encontro e salvo o que as Normas Específicas de cada competición establezan, será preciso:

A) Que o Club interesado o solicite, na forma establecida, coa antelación mínima de quince días á data sinalada en calendario ou a aquela que propoña, se esta fose anterior, mediante o impreso oficial que facilitan as Delegacións.

B) Se se trata de cambio de data ou de hora que afecte ó horario de regreso ordinario do equipo visitante, requirirase ademais presenta-la conformidade por escrito deste, co cambio solicitado. En casos excepcionais, ou pola modificación específica nas bases de cada competición a FGB poderá autoriza-lo cambio sen este requisito.

**Art. 149.-** A Federación Galega de Baloncesto, ou a Delegación correspondente poderá concede-lo cambio solicitado, para o que abondará con que o fagan constar así no programa oficial da xornada se ambos equipos estivesen de acordo, debendo, noutro caso, comunica-la resolución ó equipo visitante. De non acceder ó cambio, deberá se comunicar dita resolución a ambos equipos se estivesen de acordo coa modificación e só ó solicitante noutro caso.

Calquera que sexa a resolución que recaia non será recorrible en vía federativa. Non poderán autorizarse cambios de encontros nos que a nova celebración do mesmo non sexa antes de que finalice a primeira volvida da competición ou antes da conclusión a liga, salvo casos de forza maior.

**Art. 150.-** Se os clubs interesados póñense de acordo ó respecto, a Federación Galega de Baloncesto ou a Delegación correspondente, poderán autoriza-la variación de data, hora ou terreo de xogo, aínda que non se respectar o prazo establecido no artigo 148, sempre que non se deriven alteracións ou prexuízos para terceiros, enviándoo ambos clubs por escrito ó menos con 72 horas de antelación ó encontro á Delegación correspondente.

**Art. 151.-** A Federación Galega de Baloncesto poderá dispo-las variacións de data, hora ou terreo de xogo que sexan precisas para a transmisión de encontros por Televisión ou en razón a circunstancias especiais que así o aconsellen. Neste caso procurarase a conformidade de ambos clubs.

**Art. 152.-** Calquera modificación de horario, data ou terreo de xogo non autorizada expresamente pola Federación Galega de Baloncesto ou Delegación correspondente, non será valida. Sen embargo, e como excepción, o árbitro do encontro poderá varia-la hora ou o terreo de xogo, en caso de forza

maior ou emerxencia imprevisible, en cumprimento da obriga imposta de esgotar tódolos medios para que os encontros celébrense.

**Art. 153.-** A Federación Galega de Baloncesto ou a Delegación correspondente, no seu caso, publicarán o calendario de encontros de cada competición, sinalando campos e horarios. A partir do momento da publicación do calendario non será admitida ningunha modificación salvo as expostas nos artigos anteriores.

**Art. 154.-** O previsto nesta sección poderase exceptuar nas Normas Específicas de cada Competición.

**Sección Cuarta.- Cor dos uniformes de xogo.**

**Art. 155.-** En caso de que, a xuízo dos árbitros, a cor dos uniformes de xogo de ambos equipos poida prestarse a confusión, cambiará de camiseta o equipo visitante, a cuxo efecto desprazarase co oportuno reposto. Nas competicións oficiais de ámbito autonómico poderán ser utilizadas as camisetas con raias no uniforme de xogo.

**Art. 156.-** Cando se televise un encontro será o técnico da televisión correspondente quen determinará se as cores das camisetas dos equipos poden ser confundidos. Para corrixir esta posibilidade, ambos contarán, ó menos, cun xogo de camisetas de cor clara e outro de cor escura.

**Art. 157.-** Cando unha competición celébrese en concentración considerarase como visitante, ós efectos de cambio de camiseta, o que figure en segundo lugar no programa oficial.

# CAPÍTULO CUARTO

## SUSPENSIÓN E INTERRUPCIÓN DE ENCONTROS

**Art. 158.-** Ningún encontro poderá ser suspendido máis que pola Federación Galega de Baloncesto en uso das súas atribucións, quen, estudadas as circunstancias do caso, decidirán a data en que se celebrará.

En caso de forza maior, os árbitros ou o Delegado Federativo, se o houbese, ostentarán esta facultade por delegación da Federación Galega de Baloncesto, á que haberán de informar inmediatamente as causas que motivaren a suspensión e das medidas adoptadas.

Non obstante, os equipos que non xogaron o encontro deberán poñerse de acordo entre si e comunicalo ó Comité de Competición antes das 12,00 horas do mércores seguinte á data fixada para o mesmo (salvo acordo en contrario do citado comité). Se non se recibise este acordo dito Comité fixará a data, hora e terreo de xogo.

**Art. 159.-** Nos supostos que se refire o artigo anterior, o Comité de Competición correspondente decidirá se continuarase o encontro, sinalando, neste caso, data, hora e campo, ou se o considera finalizado, determinando en que condicións, sen perxuicio das sancións a que houber lugar.

**Art. 160.-** A fálta de forza pública poderá motivar, en casos moi excepcionais, a suspensión do encontro, se o Árbitro estima baixo a súa responsabilidade que non existían garantías para o seu desenvolvemento normal. Ante esta circunstancia, os órganos xurisdicionais federativos decidirán se se celebra o encontro ou dáselle por perdido ó equipo local polo resultado de 0-2, e, no primeiro caso, ás indemnizacións a que houbese lugar.

**Art. 161.-** Se un encontro houbese de se interromper a causa da actitude gravemente incorrecta do público, os órganos xurisdicionais da Federación, apreciando libremente tódalas circunstancias que concorran no caso, principalmente as medidas de seguridade adoptadas, a gravidade dos disturbios e o público causante dos mesmos, resolverán se o encontro recomezará ou se se dá por perdedor ó equipo local, ben polo resultado de 2-0, caso de que estivese gañando no momento da interrupción, ben polo tanteo que reflectise entón o marcador.

No suposto de que se acordase a recomezación do encontro, decidirán igualmente as condicións e forma en que realizarase, así como as indemnizacións a que houber lugar.

**Art. 162.-** Se un encontro se interrompera pola actitude dos compoñentes dos dous equipos contendentes, os órganos xurisdicionais darán como valido o resultado que reflectise o marcador no momento da interrupción.

Se a actitude incorrecta que motivase a interrupción fóra imputable ó comportamento dun só dos equipos, darase como vencedor ó equipo non infractor polo resultado que houbese naquel momento, ou por 2-0 se aquel

lle fóra desfavorable. Cando un equipo retírese da cancha daráselle como non presentado e en consecuencia perderá o partido 2-0 e descontaráselle un punto na clasificación xeral.

**Art. 163.-** Cando un encontro se suspendese pola incomparecencia dun dos equipos contendentes e este xustificase adecuadamente a criterio do Comité de Competición, dentro do prazo establecido no artigo correspondente, a causa ou motivo da súa non presentación, os órganos xurisdicionais federativos disporán a nova celebración do encontro, sendo a cargo daquel Club a totalidade dos novos gastos de desprazamento que tivese que realiza-lo equipo inicialmente presentado, os gastos de arbitraxe e calquera outros que a celebración do novo encontro puidese producir.

Cando un encontro non se celebrase pola incomparecencia dos árbitros os órganos xurisdicionais federativos disporán a nova celebración do mesmo, correndo a cargo da Delegación correspondente os gastos producidos de desprazamento ou calquera outros que tivesen que realiza-los equipos sempre que estes os xustifiquen debidamente sen prexuízo das sancións a que houbese lugar. (Dito cargo imputarase ó Comité de Árbitros correspondente.)

**Art. 164.-** No suposto de que o árbitro se vise obrigado a suspender un encontro por carece-lo Club local da dispoñibilidade de terreo de xogo ou por non ter este as condicións ou elementos técnicos necesarios, os órganos xurisdicionais federativos, atendendo as circunstancias concorrentes, decidirán se o encontro celebrarase noutra data ou ben, polo contrario, dáse por perdedor ó equipo local.

De celebrarse novamente o encontro, tódolos gastos de arbitraxe que ocasionen serán de cargo do Club local, que deberá indemnizar, ademais, ó visitante coa cantidade que sinalen os órganos xurisdicionais federativos.

Cando un dos equipos participantes no encontro se quede cun só xogador no terreo de xogo, o árbitro do mesmo o dará como finalizado, poñendo esta circunstancia no reverso do acta do partido.

# CAPITULO QUINTO

## BALÓN DE XOGO.

**Art. 165.-** A F.G.B. designará nas Bases de Competición o balón oficial de xogo para cada competición.

Se non aparece expresamente, se entenderá como válido calquera balón de coiro da marca Báden. Autorízase ós equipos para que en cancha descuberta poidan utilizar balón de nylon ou goma, pero sempre da marca Báden.

**Art. 166.-** A non utilización do balón oficial será considerada como falta leve, e ocasionará aparellada unha multa, que se irá duplicando en caso de reincidencia dun equipo nunha mesma temporada. O importe desa multa estará tipificado no Regulamento Disciplinario.

**Art. 167.-** O tamaño do Balón é o que se indica en Regras Oficiais de Xogo, balón de minibasket para as categorías de minibasket, o de tamaño intermedio para o resto de Categorías Femininas e o de tamaño grande para o resto de Categorías Masculinas

# CAPITULO SEXTO

## COMITÉS XURISDICIONAIS DE FASES FINAIS GALEGAS.

### Sección Primeira - Comité Deportivo

**Art. 168.-** O Comité Deportivo deberá de funcionar durante a Fase Final Galega se a houbese. O Comité Deportivo estará formado por un Xuíz Único que será o Representante Deportivo nomeado pola Federación Galega de Baloncesto.

As súas funcións son as seguintes:

a) Control e aprobación das instalacións de xogo, do material técnico previsto

e dos xogadores, adestradores, delegados e equipos participantes conforme ás normas establecidas.

b) Seguimento e no seu caso, modificacións de calendario e horarios dos encontros.

c) Homologa-los resultados dos encontros.

d) Examina-las reclamacións e resolver en primeira instancia ditas reclamacións e alegacións pertinentes que deberán ser efectuadas polo representante do equipo implicado dentro da hora seguinte á finalización do encontro.

e) Na súa calidade de sección do Comité Galego de Competición, impoñer sancións ós xogadores, adestradores, delegados, árbitros e oficiais de mesa en canto transgredan o espírito e a letra dos Estatutos e Regulamentos da F.G.B. Tamén é responsable de xulgar tódolos acontecementos antideportivos que se poidan producir durante, antes ou despois dos encontros.

f) As resolucións terán que ser comunicadas por este Comité ós equipos implicados antes de transcorridas tres horas da finalización da xornada, os cales poderán recorrer ó Comité de Apelación dentro das dúas horas seguintes á comunicación anterior.

### Sección Segunda.- Comité de Apelación

**Art. 169.-** O Comité estará formado por un Xuíz Único que será o Representante

Oficial nomeado pola Federación Galega de Baloncesto.

A función deste Comité é xulgar en segunda instancia toda apelación contra as decisións do Comité deportivo en relación á homologación dos encontros, e á imposición de sancións. O seu veredicto deberá ser comunicado ós equipos antes do inicio da seguinte xornada. Esgota a vía federativa e é executivo.

# TITULO TERCEIRO

## ÓRGANOS ADMINISTRATIVOS E TÉCNICOS DA FEDERACIÓN

# CAPITULO PRIMEIRO

## ÓRGANOS ADMINISTRATIVOS

### Sección Primeira.- A Xerencia

**Art. 170.-** A Xerencia é o Órgano de Administración da F.G.B.

Ó fronte da Xerencia encontrarase un Xerente, nomeado polo Presidente da F.G.B. En caso de vacante, o Presidente poderá delegar ditas competencias noutro órgano ou cargo directivo da F.G.B.

Son funcións propias do Xerente:

a) Leva-la contabilidade da Federación.

b) Exerce-la inspección económica de tódolos órganos da Federación e Delegacións Zonais.

c) Planificar e coordina-la actuación, en materia económica, dos distintos departamentos da Federación, acadando dos responsables correspondentes as informacións necesarias a tal fin.

d) Facilitar ós directivos e órganos federativos os datos e antecedentes que precisen para os traballos da súa competencia.

e) Formaliza-lo Balance de Situación e as contas de Ingresos e Gastos esixidos pola normativa vixente.

f) Efectuar propostas de cobros, gastos e pagos.

g) Prepara-lo anteproxecto de orzamentos da Federación.

h) Autorizar, coa súa sinatura non exclusiva, os pagos e toda clase de documentos bancarios.

i) Elabora-los estudios e informes necesarios para a boa marcha da Tesourería.

j) Canaliza-la xeración dos recursos económicos propios da Federación, potenciando a captación de ingresos por dito vieiro.

k) Aquelas que lle sexan asignadas polo Presidente da F.G.B.

### Sección Segunda.- Secretaría Xeral.

**Art. 171.-** A Secretaría Xeral é o órgano administrativo da Federación Galega de Baloncesto. Ó fronte da Secretaría acharase un Secretario Xeral, nomeado polo Presidente da F.G.B.

O Secretario Xeral é o fedatario e asesor da F.G.B. tendo ó seu cargo a organización administrativa da mesma.

O Secretario Xeral actuará como Secretario da Asemblea Xeral, Xunta Directiva, Comisión Delegada, Comisión Executiva e da Xunta Electoral Central. Tamén o será dos demais órganos da Federación, se ben nestes casos poderá delegar, expresa ou tacitamente, as súas funcións nalgunha persoa encadrada na Secretaría Xeral.

Nos órganos nos cales actúe terá voz pero non voto. En caso de ausencia será substituído pola persoa que designe o Presidente.

**Art. 172.-** Son funcións propias do Secretario Xeral:

a) Levantar acta das sesións dos órganos nos cales actúa como Secretario.

b) Expedi-las certificacións oportunas, co Visto Bo do Presidente, dos actos e acordos adoptados por ditos órganos.

c) Velar polo cumprimento dos acordos citados no punto anterior.

d) Levalos libros de rexistro e os arquivos da Federación.

e) Prepara-las estatísticas e a memoria da Federación.

f) Resolver e despacha-los asuntos xerais da Federación.

g) Prestalo asesoramento oportuno ó Presidente nos casos en que fóra requirido para elo.

h) Ostenta-la xefatura do persoal da Federación.

i) Prepara-la documentación e os informes precisos para as reunións dos órganos nos que actúa como Secretario.

j) Coordina-la execución das tarefas dos órganos federativos.

k) Velar polo cumprimento das normas xurídico-deportivas que afecten á actividade da Federación acadando o asesoramento externo necesario para a boa marcha dos distintos órganos federativos.

l) Coidalo bo orde das dependencias federativas, adoptando as medidas precisas para elo, repartindo funcións e cometidos entre os empregados e vixiando o estado das instalacións.

m) Facilitar ós directivos e órganos federativos os datos e antecedentes que precisen para os traballos da súa competencia.

n) Coidar das relacións públicas da F.G.B. exercendo tal responsabilidade, ben directamente, ben a través dos departamentos federativos creados ó efecto.

o) Manter relacións coa Dirección Xeral para ou Deporte en tódalas cuestións administrativas que afecten a ambas entidades así como coa F.E.B.

p) Coidar do aprovisionamento e do control de stocks.

q) Aquelas que lle sexan asignadas polo Presidente da F.G.B.

**Sección Terceira.- Tesourería.**

**Art. 173.-** A Tesourería é o órgano de xestión económica da Federación Galega de Baloncesto.

Ó fronte da Tesourería acharase un Tesoureiro, nomeado polo Presidente da Federación entre os membros da Xunta Directiva.

**Art. 174.-** Son funcións propias do Tesoureiro:

a) Leva-los libros de contabilidade da Federación, controlando a actividade manual que se efectúe sobre os mesmos.

b) Formaliza-lo balance de situación e as contas de ingresos e gastos esixidos pola normativa vixente.

c) Efectua-la proposta de cobros, de gastos e de pagos.

d) Regulamenta-los gastos federativos.

e) Exerce-la inspección económica de tódolos órganos da Federación.
f) Propo-las medidas disciplinarias oportunas ante as eventuais infraccións das normas que regulan a vida económica e financeira do Baloncesto.
g) Prepara-lo Anteproxecto de Orzamentos da Federación.
h) Autorizar coa súa sinatura, non exclusiva, os pagos e toda clase de documentos bancarios.
i) Elaborar estudios e informes necesarios para a boa marcha da Tesourería.

# CAPÍTULO SEGUNDO

## ÓRGANOS TÉCNICOS

### Sección Primeira.- Normas Xerais.

**Art. 175.-** A estrutura orgánica-técnica da Federación será a que se estableza polo Presidente en función das necesidades que se poidan suscitar.

**Art. 176.-**

1. O órgano técnico básico é o Comité o cal se integrará polo Presidente, membro da Xunta Directiva, e cantos compoñentes sexan precisos para executa-lo seu cometido.
2. Os Comités poderán formar comisións para o desenvolvemento de tarefas concretas.
3. Os Comités poderán agruparse en áreas de organización.

**Art. 177.-** Créase o Comité de Promoción, o cal terá por obxecto promover a tódolos niveis o deporte do Baloncesto, sobre todo con aquelas categorías que precisan maior promoción, para a súa identificación a través dos Medios de Comunicación.

**Art. 178.-** A estruturación da Federación en Comités deberá ter en conta a existencia de aspectos tales como as actividades nacionais, as actividades internacionais, as cuestións técnicas e as cuestións arbitrais, así como calquera outro aspecto que poida ser de interese para o Baloncesto.

**Art. 179.-** Tódolos Comités que se cren, para o mellor cumprimento dos seus fins, proporán os regulamentos que regulen a súa competición, funcionamento e competencias, que se someterán á Xunta Directiva da Federación para a súa aprobación, estando subordinados ós Estatutos da Federación e ó presente Regulamento Xeral.

### Sección Segunda.- Comité Galego de Árbitros.

**Art. 180.-** No seo da Federación Galega de Baloncesto constitúese o Comité Galego de Árbitros de Baloncesto.

**Art. 181.-** O Comité Galego de Árbitros estará integrado por un Presidente e un Secretario, nomeados ambos, polo Presidente da Federación.

**Art. 182.-** Corresponde ó Presidente do Comité de Árbitros regular a actividade da arbitraxe de acordo coas funcións que se desenrolan nos Artigos seguintes. As súas funcións son as establecidas no artigo 71 dos Estatutos da F.G.B.

**Art. 183.-** Corresponde ó Secretario do Comité:

a) Responsabilizarse da tramitación e arquivo da documentación do Comité, de acordo cos criterios establecidos pola Secretaría Xeral e o Comité de Actividades da F.G.B.

b) Levantar actas das sesións, así como daquelas actuacións ou decisións que se adopten no exercicio das competencias propias do Comité ou do Departamento Técnico.

c) Actuar coordinadamente cos departamentos de Secretaría Xeral, Administración e Comité de Actividades da F.G.B., todo aquilo que lles afecten como consecuencia das designacións dos árbitros para os encontros.

**Art. 184.-** No seo do Comité Galego de Árbitros créase un Departamento Técnico.

**Sección Terceira.- Comité de Actividades.**

**Art. 185.-** O Comité de Actividades é o órgano técnico de dirección e xestión das competicións organizadas pola Federación Galega de Baloncesto.

**Art. 186.-**

1. O Comité de Actividades estará integrado por un Presidente que recaerá nun membro da Xunta Directiva, e un Secretario, nomeados ambos, polo Presidente da Federación, máis os vogais nomeados igualmente polo Presidente da Federación, a proposta do Presidente deste Comité:
2. Serán funcións do Comité de Actividades:
   a) Elabora-lo anteproxecto das Normas Específicas das Competicións.
   b) Elabora-lo anteproxecto do Regulamento Xeral e de Competicións.
   c) Resolve-las incidencias e reclamacións que teñan lugar con motivo das competicións ou no transcurso dos encontros cuxa organización corresponda á F.G.B., aínda cando se encomenden a outra Entidade.
   d) Adoptar tódolos acordos necesarios para a execución e desenvolvemento das competicións.
   e) A execución de tódolos traballos concernentes ó desenvolvemento de tódalas Competicións e Campionatos Autonómicos, e entre eles:
      - A inscrición de clubs, equipos e xogadores.
      - Sorteos e confección de calendarios.
      - Edición de horarios oficiais, resultados e clasificacións.
      - Cambios de terreos de xogo, datas e horarios.

**Sección Cuarta.- Escola Galega de Adestradores. Art. 187.-**

1.- Constitúese a Escola Galega de Adestradores da F.G.B. como órgano de formación de adestradores de baloncesto.

2.- A Escola Galega de Adestradores estará integrada por un Director e un Secretario que serán nomeados polo Presidente da F.G.B. Os profesores serán nomeados polo Presidente a proposta do Director da Escola, sempre que reúnan as condicións de titulación e currículum establecidas no seu propio Regulamento.

3.- As súas funcións e competencias estableceranse de acordo coas disposicións necesarias que regulen o desenvolvemento e aplicación da lexislación vixente, sobre Ensinanzas e Títulos dos Técnicos Deportivos, e igualmente sobre as ensinanzas correspondentes ás Titulacións Federativas.

# TITULO CUARTO

## PROCEDEMENTOS PARA ASEMBLEAS

# CAPITULO PRIMEIRO

## PROCEDEMENTO ORDINARIO

**Art. 188.-** As Asembleas convocaranse con amaño ó procedemento establecido nos Estatutos da Federación Galega de Baloncesto.

**Art. 189.-** O orde do día das sesións establecerase pola Comisión Delegada.

**Art. 190.-**

1.- Cada membro terá voz e voto para debate-los asuntos que sexan sometidos á consideración da Asemblea.

2.- Poderán intervir naqueles temas que lles afecten directamente con voz, pero sen voto, se non son membros da Asemblea Xeral, o Presidente saínte do último mandato, e os membros da Xunta Directiva.

**Art. 191.-** En tódalas sesións procederase, en primeiro lugar, ó reconto de membros presentes, resolvendo o Presidente as reclamacións ou impugnacións que poidan formula-los mesmos en canto á súa inclusión ou exclusión.

**Art. 192.-** O Presidente abrirá, suspenderá, no seu caso, pechará as sesións da Asemblea. Conducirá os debates, regulando o uso da palabra e sometendo a votación as proposicións ou medidas a adoptar. Resolverá as cuestións de orde e procedemento que se puidesen propor.

Poderá ampliar ou limita-las intervencións cando así o esixa a materia ou o tempo, e está facultado para amoestar e, incluso, retira-la palabra ós membros da Asemblea que se produzan de forma irrespectuosa coa Presidencia ou con outros membros da mesma.

**Art. 193.-** O Presidente ordenará o debate establecendo o modo de efectualo.

A tal fin, poderá dividir cada relatorio en diversas seccións, para proceder ó seu debate por separado.

**Art. 194.-** Os debates iniciaranse cunha exposición relativa ó relatorio que corresponda, a cargo do Presidente ou da persoa a quen este designe.

**Art. 195.-** Só serán obxecto de debate particularizado aqueles temas ou preceptos que sexan obxecto de emenda e os que o Presidente ou a maioría da Asemblea considerase preciso. Os temas ou preceptos non emendados se entenderán aprobados, salvo que resulten afectados por emendas aceptadas en relación con outros temas ou preceptos.

**Art. 196.-** Todo membro da Asemblea poderá presentar emendas ós relatorios que sexan sometidos á consideración do órgano correspondente.

As emendas deberán ser recibidas na Federación Galega de Baloncesto con quince días de antelación á celebración da sesión correspondente, salvo que o texto obxecto de emenda sexa enviado con menos de trinta días de antelación á sesión, en cuxo caso o prazo de presentación das emendas reducirase proporcionalmente. Nestes supostos, ó face-lo envío do relatorio especificarase o prazo da emenda.

O Presidente, ouvída a Comisión Delegada, poderá admitir con carácter excepcional emendas presentadas fóra de prazo.

**Art. 197.-** Durante a sesión só poderán presentarse emendas transaccionais que pretendan aproxima-lo contido das emendas presentadas e o texto do relatorio. As emendas transaccionais deberán presentarse por escrito antes de iniciarse a votación do texto ou precepto correspondente. A cualificación e admisión de tales emendas corresponderá ó Presidente.

**Art. 198.-** Por cada emenda poderá producirse dúas quendas a favor e dúas en contra por tempo non superior a tres minutos cada unha. En caso de emendas que se formulen no mesmo sentido, o Presidente poderá dividi-las quendas a favor entre os eméndante.

**Art. 199.-** Finalizado o debate das emendas a un tema ou precepto, someterase a votación o texto que, nese momento, propoña o Presidente. Se fóra rexeitado, someteranse a votación, polo orde do seu debate, as emendas presentadas ata que algunha resulte aprobada.

**Art. 200.-** A aprobación das emendas requirirá a maioría simple, salvo que os Estatutos da Federación Galega de Baloncesto dispoñan outra cousa.

**Art. 201.-** As votacións efectuaranse a man alzada, salvo o disposto nos Estatutos para casos específicos.

**Art. 202.-** O acta da reunión poderá ser aprobado ó finaliza-la sesión, sen prexuízo da súa posterior remisión ós membros do mesmo. En caso de non aprobarse ó termo da mesma será remitida a tódolos membros da Asemblea nun termo máximo de quince días. O acta considerarase aprobado, se transcorridos trinta días naturais dende a súa remisión non se formulara observación algunha sobre o seu contido.

O anterior enténdese sen prexuízo do dereito dos membros da Asemblea e/ ou demais persoas físicas ou xurídicas afiliadas á F.G.B., a impugna-los acordos adoptados segundo os trámites previstos na lexislación vixente.

# CAPITULO SEGUNDO

## PROCEDEMENTOS ESPECIAIS

### Sección Primeira.- Procedementos Electorais.

**Art. 203.-** As sesións en que se proceda á elección do Presidente, dos membros da Asemblea Xeral e da Comisión Delegada rexeranse polas normas electorais específicas establecidas no Regulamento Electoral.

### Sección Segunda.- Procedemento da Moción de Censura.

**Art. 204.-**

1. A Sesión extraordinaria da Asemblea que coñeza dunha moción de censura, esta estará presidida polo membro de maior idade. Iniciarase cunha exposición da mesma por un dos seus signatarios, por tempo máximo de vinte minutos.
   O Presidente da Federación, poderá facer uso da palabra a continuación por un tempo máximo de vinte minutos. Ambos intervenientes poderán facer uso da palabra en sendas quendas de réplica e duplica por tempo non superior a cinco minutos cada unha.
2. A continuación poderá intervir o candidato incluído na moción de censura por tempo non superior a vinte minutos. O Presidente poderá contestar nun tempo máximo de vinte minutos. Ambos intervenientes poderán facer uso das quendas de réplica e duplica por tempo non superior a cinco minutos cada unha.

**Art. 205.-** En caso de que se presenten mocións alternativas, procederase ó seu debate, seguindo os criterios establecidos no artigo anterior e polo seu orde de presentación.

**Art. 206.-** Finalizado o debate, a moción ou mocións serán sometidas a votación polo orde da súa presentación. A votación será segreda e efectuarase con chamamento nominal e por papeletas, nas que se consignará si ou non, segundo se aprobe ou rexeite a moción.

### Sección Terceira.- Procedemento para a reforma de Estatutos.

**Art. 207.-** Será de aplicación a reforma de Estatutos o disposto no capítulo primeiro deste título, sen máis especificacións que as previstas no Título IX dos Estatutos da Federación Galega de Baloncesto.

### Sección Cuarta.- Procedemento para a Extinción e Disolución da Federación.

**Art. 208.-** 1. A Sesión extraordinaria da Asemblea na que se someta a debate a extinción e disolución da Federación iniciarase cunha exposición de motivos polo Presidente.

Acto seguido poderán intervir cantos membros da Asemblea solicíteno, por tempo non superior a cinco minutos cada un.

A Asemblea procederá a nomear unha comisión liquidadora, cuxos membros serán propostos polo Presidente de acordo coa Direccion Xeral de Deportes da Xunta de Galicia.

Cando a extinción sexa voluntaria someterase a votación da Asemblea que terá carácter segredo.

# DISPOSICIÓN FINAL

A Comisión Delegada da F.G.B. queda facultada para interpretar e coordina-los Regulamentos da F.G.B., en superior interese do Baloncesto, e das propias competicións, ouvídas as partes interesadas.

# TITULO QUINTO

## REGULAMENTO DISCIPLINARIO

# CAPITULO PRIMEIRO

## DISPOSICIÓNS XERAIS

**Art. 1.-** O exercicio de réxime Disciplinario Deportivo, no ámbito da práctica do baloncesto, regularase polo previsto na Lei 10/1990, de 15 de outubro, do Deporte; polo Real Decreto 1591/1992, de 23 de decembro, sobre Disciplina Deportiva e outras normas dictadas no seu desenvolvemento; polo disposto nos Estatutos da Federación Galega de Baloncesto polos preceptos contidos no presente Regulamento, e, supletoriamente, polo Real Decreto 1398/1993 de 4 de Agosto, Lei 11/1997 do 22 de Agosto Xeral do Deporte de Galicia.

**Art. 2.-** A potestade disciplinaria da F.G.B. esténdese sobre tódalas persoas que forman parte da súa estrutura orgánica; sobre os clubs deportivos e os seus directivos, os Xogadores, Adestradores, Árbitros, Comisarios de Mesa, e, en xeral, todas aquelas persoas e entidades que, estando federadas, desenrolen actividades técnicas ou deportivas no ámbito autonómico.

**Art. 3.-** O ámbito material da potestade disciplinaria da Federación Galega de Baloncesto esténdese ás infraccións das Regras de Xogo ou das Competicións, isto é, as accións e omisións que durante o curso do xogo ou competición vulneren, impidan ou perturben o seu normal desenvolvemento; e que sexan cometidas con ocasión ou como consecuencia dos encontros organizados por ela ou polas súas Delegacións Zonais, así como das da conduta deportiva das persoas suxeitas a disciplina federativa cando actúen no ámbito competencial da Federación Galega de Baloncesto.

**Art. 4.-** A potestade disciplinaria da Federación Galega de Baloncesto corresponde ó Comité Galego de Competición e ó Comité Galego de Apelación.

**Art. 5.-** De conformidade co disposto nos Estatutos da Federación Galega de Baloncesto constituirá falta toda infracción das normas contidas en ditos Estatutos, no presente Regulamento ou en calquera outra disposición dictada pola Federación.

**Art. 6.-** En ningún caso poderán ser sancionadas as actuacións ou omisións non tipificadas como falta en calquera das normas ás que se refire o artigo anterior.

**Art. 7.-** Non poderá impoñerse sanción algunha que non se atope regulamentariamente establecida con anterioridade á comisión a falta correspondente. Non obstante, as disposicións disciplinarias terán efecto retroactivo en canto favorezan ós inculpados, aínda que ó publicarse aquelas recaese resolución firme, sempre que non se rematara de cumprir sanción.

**Art. 8.-** As faltas de carácter deportivo poden ser MOI GRAVES, GRAVES, MENOS GRAVES ou LEVES.

**Art. 9.-** As sancións teñen carácter educativo, preventivo e correctivo, e a súa imposición terá sempre como finalidade o mante-lo interese xeral e o prestixio do deporte do Baloncesto. Na aplicación das sancións terase en

conta, principalmente, a intencionalidade do infractor e o resultado da acción ou omisión.

**Art. 10.-** As sancións que poidan impoñerse con arranxo ó presente Regulamento, por razón as faltas nel previstas, son as seguintes:

A) Ós xogadores, adestradores, delegados, directivos e membros do equipo arbitral:

- Inhabilitación. -Suspensión. -Amoestación pública. -Apercibimento. - Multa ou perda dos dereitos e gastos de arbitraxe.

B) Ós clubs.

- Perda ou descenso de categoría.
- Clausura temporal do terreo de xogo.
- Celebración da proba ou competición a porta pechada.
- Perda do encontro ou, no seu caso, eliminatoria, ou descualificación da competición.
- Desconto de puntos na clasificación
- Multa.
- Baixa na Federación.

**Art. 11.-** En ningún caso, salvo que se trate de clubs, poderán impoñerse simultaneamente dúas sancións, agás cando unha delas sexa a de multa, e impóñase como accesoria.

**Art. 12.-** Se dun mesmo feito, ou de feitos sucesivos, derivásense dous ou máis faltas, ou estas fosen cometidas nunha mesma unidade de acto, impoñerase a sanción correspondente a falta máis grave no seu grao máximo, ata o limite que represente a suma das que puidesen impoñerse ó sancionar separadamente as faltas.

**Art. 13.-** A suspensión pode ser por un número determinado, ou por un período de tempo.

**Art. 14.-** A sanción de suspensión por un determinado número xornadas ou tempo concreto, implicará a prohibición de aliñarse ou intervir en tantos aqueles encontros ou xornadas oficiais e inmediatos á data do fallo como abarque a sanción, polo orde en que teñan lugar, aínda que por alteración do calendario, aprazamento ou suspensión dalgún encontro variase aquel.

O primeiro partido ou xornada de aplicación da sanción será o inmediato á data do fallo, salvo suspensión da súa execución acordada polos órganos disciplinarios.

Cando se impoña a sanción de suspensión por un número de encontros a un xogador de idade inferior á de sénior, que sexa aliñado co equipo de categoría inmediata superior, a mesma computarase como xornadas e cumprirase nas inmediatamente posteriores ó fallo que estean programadas no calendario oficial das competicións en que poida o xogador aliñarse. Neste suposto, cando as xornadas coincidan no calendario contabilizarase ós efectos do cumprimento da sanción como unha soa xornada.

O previsto no parágrafo anterior será de aplicación ós adestradores que subscribiran licenza por dous equipos de acordo ó establecido no presente Regulamento.

**Art. 15.-** Cando a sanción sexa por período de tempo non serán computables para o seu cumprimento os meses en que non se celebre competición oficial, salvo que se impoñan a Directivos.

**Art. 16.-** Cando un xogador, adestrador ou delegado sexa obxecto de expulsión ou figure no Acta de xogo con falta descualificante, iniciarase o procedemento ordinario, entendéndose concedido o tramite de audiencia en relación cos feitos reflectidos no acta do encontro, mediante o coñecemento do contido desta polos interesados.

**Art. 17.-** Ó termo de cada temporada, o xogador, adestrador ou delegado suspendido poderá cambiar de club, se se dan as condicións para elo, pero os encontros ou xornadas de suspensión que se atopasen pendentes, se cumprirán nos termos previdos nos artigos 14 e 18 do presente Regulamento.

**Art. 18.-** Se o suspendido non cumprise a súa sanción dentro da temporada haberá de facelo na seguinte ou seguintes, computándose o tempo en elas dende o momento en que comeza a competición en que participa ata aquel en que a mesma finalice, teña ou non licenza en vigor.

Tanto nun como noutro caso a Federación reterá a licenza ata o cumprimento do total da sanción, con independencia da categoría da nova licenza, se esta fose expedida.

**Art. 19.-** As Sancións de suspensión ou inhabilitación incapacitan, non só na condición pola que foron impostas, senón tamén polo desenvolvemento de calquera outra actividade de carácter deportivo relacionada co Baloncesto.

**Art. 20.-** Cando o Comité de Competición acorde sancionar coa perda do encontro, o resultado deste será 2-0 se o equipo ó que se lle impoña a sanción fóra o vencedor, xa sexa ó final do encontro ou no momento de se produci-la interrupción ou ben incorrese en incomparecencia ou negativa inxustificada a participar no mesmo. En caso contrario procederá a homologa-lo resultado.

**Art. 21.-** As sancións económicas abonaranse necesariamente á Federación do Comité de Competición correspondente, dentro dos trinta días seguintes á notificación do fallo. Pasado este prazo, a cantidade que importe dita sanción sufrirá un incremento do vinte por cento.

**Art. 22.-** Os clubs son os directos responsables do bo orde e desenvolvemento dos encontros e do comportamento dos seus xogadores, adestradores, delegados e demais persoas vinculadas ós mesmos. En consecuencia, ademais das sancións económicas previstas no presente título para ditas persoas e das que será responsable subsidiario o club, poderá impoñérselle unha multa de ata a mesma contía á que se impuxese a ditas persoas. Exceptúase desta medida o caso de multas impostas con motivo da

actuación de xogadores, que corresponde sempre satisfacelas ó club e que se entenderán por conseguinte impostas a este.

**Art. 23.-** A suspensión levará consigo como sanción accesoria as multas nas contías seguintes:

- De 3 a 15 euros se o xogador é de categoría Infantil ou Cadete.
- De 15 a 30 euros se o xogador é de categoría Júnior.
- De 30 a 60 euros se o xogador é de categoría Sénior.

Ata 60 Euros se é asimilado a Delegado, de ata 70 Euros de Adestrador ou Delegado e de ata 120 Euros se é directivo, por cada xornada que corresponda, sen que, en ningún caso, poida exceder de 600 Euros.

**Art. 24.-** 1. A sanción de clausura dun terreo de xogo a un determinado club, implica a prohibición de utiliza-lo mesmo durante o número de xornadas que abarque a sanción imposta. En categoría Autonómica a distancia mínima á que deberá celebrarse respecto á poboación na que se atope o terreo oficial de xogo obxecto de sanción, será de 25 quilómetros.

As Bases de Competición específicas poderán regular a súa adecuación ó disposto neste artigo.

Se un mesmo terreo de xogo é utilizado oficialmente por varios clubs, a clausura do mesmo só afectará ós equipos do club sancionado ou ós encontros nos que este fóra o organizador.

Os gastos que por motivo da sanción de clausura do terreo de xogo orixínense a terceiros serán de conta do Club sancionado.

A sanción de clausura do terreo de xogo poderá ser substituída polo Comité de Competición ou a petición do club, en atención ás circunstancias que concorran, pola de xogar sen asistencia de público a porta pechada. Neste caso só poderán estar presentes no pavillón no que se desenvolva o partido, un máximo de corenta persoas, incluídos xogadores, técnicos, directivos, equipo arbitral e empregados das instalacións, todos eles debidamente acreditados. Os xornalistas deberán estar en calquera caso acreditados. Neste suposto a Federación Galega de Baloncesto designará un delegado federativo, cuxos gastos serán sufragados polo equipo local.

**Art. 25.-** Os clubs serán sempre responsables das sancións pecuniarias impostas con carácter principal ou accesorio ós seus xogadores, adestradores ou delegados, pero terán dereito a repercutir contra xogadores, adestradores ou delegados sempre que estes perciban remuneración polo seu labor.

**Art. 26.-** Poderá impoñerse igualmente multa ós clubs por faltas cometidas por persoas vinculadas directamente ou indirectamente ó mesmo, aínda que estas desenrolasen a súa actividade tan só a título honorífico. En todo caso, o Club é responsable subsidiario as multas impostas a persoas a el vinculadas, distintas das enumeradas no artigo anterior.

**Art. 27.-** Cando na celebración dun partido amigable prodúzanse feitos tipificados como de moi graves ou graves no presente Regulamento, a instancia

de parte o órgano xurisdicional federativo competente abrirá expediente disciplinario, podendo impoñe-las sancións que, no seu caso, correspondan co mesmo tratamento que nun encontro oficial.

**Art. 28.-** Son circunstancias eximentes o caso fortuíto, a forza maior e a lexítima defensa para evitar unha agresión.

**Art. 29.-** Son circunstancias atenuantes:

As expresadas no artigo anterior cando non concorran tódolos requisitos necesarios para aprecialas.

A) Non ser sancionado en ningunha ocasión no seu historial deportivo.

B) A de preceder, inmediatamente á comisión da falta, provocación suficiente.

C) A de proceder o culpable, por arrepentimento espontáneo, a reparar ou diminuí-los efectos a falta a dar satisfacción ó ofendido ou a confesar aquela ós órganos competentes.

D) Non ter intención de causar un mal de tanta gravidade como o que se produciu.

Art. 30.- Son circunstancias agravantes:

A) Ser reincidente. Hai reincidencia cando o autor da falta, fose sancionado, con anterioridade e no transcurso da mesma temporada, por calquera infracción a disciplina deportiva de igual ou maior gravidade, ou por dúas infraccións ou máis de inferior gravidade da que neste suposto trátese.

B) Non acatar inmediatamente as decisións arbitrais, salvo que este desacato fóra sancionado con infracción.

C) Provoca-lo desenvolvemento anormal dun encontro pola infracción cometida.

D) Cometer calquera falta como espectador, tendo licenza como xogador, adestrador, delegado ou árbitro.

E) Figurar no Acta como capitán do equipo.

F) Non abandona-la instalación deportiva cando é descualificado ou no seu caso, non permanecer no vestiario do seu equipo.

G) Cando a falta ou infracción sexa contra un membro do equipo arbitral.

**Art. 31.-** Cando non concorreren circunstancias atenuantes nin agravantes, o Comité, tendo en conta a maior ou menor gravidade do feito, imporá a sanción no grao que estime conveniente; cando se presten só circunstancias atenuantes aplicarase a sanción no seu grao mínimo e se unicamente concorren agravante ou agravantes, o grao medio ou máximo.

Cando se presenten circunstancias atenuantes e agravantes compensaranse racionalmente, segundo a súa entidade, para determina-la sanción.

Dentro dos límites de cada grao, corresponde ós órganos xurisdicionais, atendendo á gravidade dos feitos e demais circunstancias concorrentes, a sanción que corresponda impoñer en cada caso.

**Art. 32.-** Na imposición as multas, os órganos xurisdicionais federativos, atendendo ós feitos e circunstancias que concorran, fixarán a súa contía discrecionalmente ata o máximo establecido para cada suposto.

**Art. 33.-** Son autores da infracción os que a leven a cabo directamente, os que forzan ou inducen directamente a outro a executala e os que cooperen á súa execución eficazmente.

**Art. 34.-**A responsabilidade disciplinaria extínguese:

a) Por cumprimento da sanción.

b) Por prescrición das infraccións. c) Por prescrición das sancións.

d) Por falecemento do inculpado.

e) Pola disolución do club sancionado.

f) Pola perda da condición de deportista federado.

As infraccións prescribirán ós tres anos, ó ano ou ó mes, segundo sexan moi graves, graves, menos graves ou leves, comezándose a conta-lo prazo de prescrición ó día seguinte da comisión da infracción.

O prazo de prescrición interromperase pola iniciación do procedemento sancionador, pero se este permanecese paralizado durante un mes, por causa non imputable á persoa ou entidade suxeita a dito procedemento, volverá a corre-lo prazo correspondente, interrompéndose de novo a prescrición ó retomarse a tramitación do expediente.

As sancións prescribirán ós tres anos, ó ano, ou ó mes, segundo trátese das que correspondan a infraccións moi graves, graves, menos graves ou leves, comezándose a conta-lo prazo de prescrición dende o día seguinte a aquel en que adquira firmeza a resolución pola que se impuxo a sanción, ou dende que se quebrantase o seu cumprimento se este comezase.

**Art. 35.-** O réxime disciplinario regulado neste Regulamento enténdese sen prexuízo da responsabilidade civil ou penal en que poidan incorre-las persoas físicas ou xurídicas enmarcadas no seu artigo segundo; así como do réxime derivado das relacións laborais, que se rexen pola lexislación que en cada caso corresponda.

# CAPITULO SEGUNDO

## DAS INFRACCIÓNS ÁS REGRAS DE XOGO

## SECCIÓN PRIMEIRA

**Normas Xerais**

**Art. 36.-** Son infraccións ás Regras de Xogo ou Competición as accións ou omisións que durante o curso de xogo ou competición, vulneren, impidan ou perturben o seu normal desenvolvemento.

**SUBSECCIÓN PRIMEIRA**

**Das Infraccións cometidas por Xogadores, Adestradores, Delegados e Directivos.**

**E das Sancións.**

**Art. 37-** Considéranse infraccións moi graves, que serán sancionadas con suspensión de seis meses a catro anos:

A) A agresión a un compoñente do equipo arbitral, directivo, dirixente deportivo, membro do equipo contrario, adestrador, espectador ou, en xeral, a calquera persoa, cando aquela acción sexa grave ou lesiva.

B) A realización de actos que provoquen a suspensión definitiva do encontro. En caso de reincidencia poderá castigarse con inhabilitación a perpetuidade aínda cando a mesma non se producise dentro da mesma temporada.

**ART. 38.-** Consideraranse infraccións graves que serán sancionadas con suspensión dun mes a dous anos ou con suspensión de catro a nove xornadas a agresión a calquera compoñente do equipo arbitral, dirixente ou directivo deportivo, sempre que a acción pola súa gravidade, non constitúa a falta prevista no apartado A do artigo anterior.

**ART. 39.-** Consideraranse tamén infraccións graves, que serán sancionadas con suspensión dun mes a un ano ou con suspensión de tres a oito xornadas:

A) A agresión a calquera persoa comprendida no artigo anterior, cando pola súa gravidade non constitúa a falta tipificada no artigo 37 do presente regulamento.

B) Ameazar, coaccionar ou realizar actos vexatorios de palabra ou de obra, contra calquera compoñente do equipo arbitral, directivo, dirixente deportivo, membro do equipo contrario, adestrador, espectador ou en xeral contra calquera persoa.

C) Insultar ou ofender, de forma grave ou reiterada, ás persoas indicadas no parágrafo anterior.

D) O intento de agresión ou a agresión non consumada a calquera das persoas indicadas no apartado B) deste artigo.

E) O incumprimento reiterado de ordes emanadas dos árbitros.

Art. 40.- Consideraranse infraccións menos graves que serán sancionadas con suspensión dunha a tres xornadas:

A) Ameazar, coaccionar, insultar ou realizar actos vexatorios, de palabra ou obra, contra calquera xogador, adestrador, membro dos equipos contendentes ou equipo arbitral.
B) Desobedece-las ordes dictadas polos árbitros durante o transcurso do encontro.
C) Empregar no transcurso do xogo, medios ou procedementos violentos que atenten á integridade doutro xogador, causándolle dano ou lesión.
D) Provocar ou incitar ó público en contra da correcta marcha dun encontro.
E) Expresar se de forma atentatoria ó decoro debido ó público, e ofender a algún espectador con palabras ou xestos.
F) Empregar métodos violentos que atenten contra a integridade dos membros do equipo arbitral.

